

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2023-24

IES Monte das Moas

José M^a Hernansáez, 23- 15009- A Coruña

Teléfono: 981284377

www.edu.xunta.gal/centros/iesmontemoas

E-mail: ies.monte.moas@edu.xunta.gal

ÍNDICE

CAPÍTULO 1.....	3
1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.....	4
2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO.....	10
3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN.....	11
4. RECURSOS PREVISTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN.....	12
5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN. INDICADORES DE LOGRO.....	12
CAPÍTULO 2. DOC.....	15
1. HORARIO XERAL DO CENTRO.....	15
1.1. Horario lectivo do centro.....	15
1.2. Horario dos servizos e instalacións do centro.....	15
1.3. Horario de verán.....	16
2. DOC – XADE (En documento aparte).....	17
CAPÍTULO 3. PROXECTOS E PROGRAMAS.....	17
1. PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	17
PROPOSTA DE POSIBLES ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES POR DEPARTAMENTOS.....	18
2. PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.....	26
3. PROGRAMACIÓN ANUAL DE LECTURA. BIBLIOTECA ESCOLAR.....	30
4. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	63
5. PROXECTO LECTOR. CLUB DE LECTURA.....	73
BIBLIOTECAS DE AULA.....	78
HORA DE LER.....	79
6. PLAN DIXITAL.....	88
OBXECTIVOS.....	88
7. PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES.....	89
8. PLAN DE BENESTAR.....	91
OBXECTIVOS - INDICADORES.....	91
9. INNOVACIÓN EDUCATIVA.....	102
10. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	103

CAPÍTULO 1

PRESENTACIÓN

No presente curso escolar o centro conta cos seguintes grupos:

- ▶ Na Educación Secundaria Obrigatoria: 4 de 1º ESO, 5 de 2º ESO, 5 de 3º ESO e 4 de 4º ESO.
- ▶ No Bacharelato: 3 en 1º e 2 en 2º.

Mesmas unidades que o pasado curso escolar.

En relación co cupo de profesorado, este curso a Consellería concedeunos o profesorado que se solicitou, e tendo en conta que hai moitos casos de alumnado con NEAE, temos media praza cunha profesora de apoio (PT).

A pesar disto, a maior parte do profesorado está con moita carga lectiva e tivemos problemas para cubrir suficientemente as gardas, non hai profesorado para atender a aula de convivencia e os grupos son moi numerosos o que limita a atención á diversidade que as necesidades do alumnado demanda.

1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

1.1. O equipo directivo

DIRECTORA	María Teresa Díaz Valiña
XEFE DE ESTUDOS	Alberto Fachado Estévez
VICEDIRECTOR	Francisco Javier Carballal Durán
SECRETARIA	Patricia Otero Ponte

1.2. A Comisión de Coordinación Pedagóxica

MEMBROS DA CCP	
Directora	M ^a Teresa Díaz Valiña
Xefe de Estudos	Alberto Fachado Estévez
Xefa do Dpto. de Orientación Educativa	M ^a del Pilar Seoane Sánchez
Especialista en Pedagogía Terapéutica	M ^a Remedios Martínez Vázquez
Dinamización TIC	Antonio Galán Triana
Coordinación EDLG	Ana Isabel Martínez Fernández
Coordinación de Biblioteca	M ^a Carmen González Díaz
Xefa do Dpto. Bioloxía e Xeoloxía	Sonia Gay sánchez
Xefa do Dpto. de Economía	Fermina Yáñez Izquierdo
Xefa do Dpto. Educación Física	Marta Bellón Santiago
Xefe do Dpto. Educación Plástica e Visual	Santiago Collazo Trigo
Xefe do Dpto. Filosofía	Javier Miranda Garrote
Xefa do Dpto. Francés	M ^a del Carmen Iglesias Bouza
Xefa do Dpto. Física e Química	Hervilia Seco Lago
Xefa do Dpto. Inglés	Purificación Paino Rodríguez
Xefa do Dpto. Latín	M. ^a Antonia Abad Alastruey
Xefe do Dpto. Lingua Castelá e Literatura	Rafael Alonso Pica
Xefa do Dpto. Lingua Galega e Literatura	Matilde Mosquera Lendoiro
Xefa do Dpto. Matemáticas	Mercedes Pérez González
Xefa do Dpto. Música	M ^a del Carmen Baliñas Pérez

Xefa do Dpto. Relixión	M ^a Begoña Martínez Carballido
Xefe do Dpto. Tecnoloxía	Antonio Galán Triana
Xefe do Dpto. Xeografía e Historia	Alejandro do Porto Tie

1.3. Equipos de traballo

EQUIPO DA BIBLIOTECA	
Coordinación	M ^a del Carmen González Díaz
Margarita Fernández Iglesias	
Yolanda Gondell Delgado	
Ana Isabel Martínez Fernández	
Matilde Mosquera Lendoiro	
M ^a do Mar Hermida Pico	
Rafael Alonso Pica	

RESPONSABLE TIC	
Coordinación	Antonio Galán Triana
Colaboradora: Mercedes Pérez González (Aula Virtual)	
Equipo directivo	
Departamentos didácticos	

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	
Coordinación	Ana Isabel Martínez Fernández
M. ^a do Mar Hermida Pico	
Matilde Mosquera Lendoiro	
Margarita Fernández Iglesias	
Yolanda Gondell Delgado	
M. ^a del Carmen González Díaz	
M. ^a del Pilar Zapico Barbeito	

Mercedes Pérez González
Rafael Alonso Pica
Emilio Cao Vázquez
Francisco Javier Carballal Durán
Francisco Carril Torreiro
Sonia Gay Sánchez

EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	
Coordinación	Francisco Javier Carballal Durán
Xefes/as dos Departamentos Didácticos	

EQUIPO DE TITORES/AS	
Coordinación	Xefatura de Estudos
1º ESO A	Jorge Núñez Lodeiro
1º ESO B	Marta Bellas Bermúdez (Substituta: Berta Iribarne blanco)
1º ESO C	Fernando villaverde Landrove (Substituto: Santiago Jiménez Jiménez)
1º ESO D	Juan Villar Zamuz
2º ESO A	Eva Fernández Quintás
2º ESO B	Pilar Zapico Barbeito
2º ESO C	Francisco Carril Torreiro
2º ESO D	Lola Figueiras Lestón
2º ESO E	Begoña Martínez Carballido
3º ESO A	Yolanda Gondell Delgado
3º ESO B	Juan José Díaz Ares
3º ESO C	M. ^a do Mar Hermida Pico
3º ESO D	Aroa Luengo Castaño

3º ESO E	Juan Dios Cañada
4º ESO A	Teresa Castaño Hernández
4º ESO B	M. ^a José Rodríguez Trinquete
4º ESO C	Margarita Fernández Iglesias
4º ESO D	Emilio Cao Vázquez
1º BACH A	Juan Carlos Rúa Peón
1º BACH B	Luis Martínez Lago
1º BACH C	M. ^a Lourdes Rodríguez Pardo
2º BACH A	M. ^a de la Vega Arcos Martínez
2º BACH B	Javier Miranda Garrote

1.4. Alumnado

O alumnado matriculado no noso centro é de 560 alumnos/as, distribuídos da seguinte maneira:

ETAPA	CURSO	Total alumnado	
ESO	1º	99	440
	2º	122	
	3º	120	
	4º	99	
BACHARELATO	1º	61	121
	2º	60	
TOTAL		561	

Durante o curso poden darse máis casos de alumnado novo, de incorporación tardía ao sistema educativo ou por cambio de centro educativo.

1.5. Profesorado

CORPOS	DEPARTAMENTOS	TOTAL
MESTRAS	Pedagogía Terapéutica (2)*	2
PROFESORADO DE ENSINO SECUNDARIO	Lingua Galega e Literatura	5
	Lingua Castelá e Literatura	4
	Matemáticas	6
	Xeografía e Historia	6
	Lingua Estranxeira – Inglés	4
	Tecnoloxía	4
	Bioloxía e Xeoloxía	2
	Lingua Estranxeira - Francés	2
	Física e Química	3
	Música	2
	Educación Plástica e Visual	2
	Educación Física	3
	Economía	1
	Filosofía	1
	Latín	1
	Relixión	1
Orientación Educativa	1	
TOTAL		50

***Observacións:**

Unha 2ª especialista en PT compartida co CEIP Cidade Vella.

Unha profesora de Tecnoloxía está en comisión de servizos no CAFI.

Unha profesora de Tecnoloxía está en comisión de servizos na Subdirección de Innovación Educativa.

1.6. Persoal non docente

O centro educativo conta actualmente co seguinte persoal non docente:

Persoal de administración	Unha auxiliar administrativa
Persoal de conserxería	Dous conserxes
Persoal de limpeza	Tres limpadoras
Persoal da cafetería	Sí

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

Os obxectivos que propoñemos para este curso son:

- a) Mellorar a acollida ao alumnado de 1º ESO.
- b) Fomentar a comunicación e coordinación cos centros de primaria adscritos.
- c) Seguir potenciando a comunicación coas familias e coa ANPA.
- d) Reducir o fracaso escolar.
- e) Atender a Aula de Convivencia, co profesorado de garda, sempre que sexa posible.
- f) Potenciar a figura do responsable do dinamizador da convivencia no centro.
- g) Procurar unha maior eficacia na resposta ao alumnado con condutas disruptivas.
- h) Potenciar as canles de participación do alumnado mediante o bo funcionamento da xunta de Delegados/as e do Consello Escolar.
- i) Fomentar o uso da biblioteca escolar.
- j) Apoiar o traballo de dinamización da biblioteca coa incorporación de novos proxectos que poidan ir xurdindo.
- k) Continuar a desenvolver os **Clubes de Lectura**.

- l) Desenvolver e avaliar o **Plan Dixital do Centro** segundo as necesidades do centro coa participación de toda a comunidade educativa e dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado. Favorecer a creación de recursos didácticos dixitais.
- m) Realizar e levar a cabo o plan de mellora da avaliación.
- n) Dinamizar as relacións coas familias.
- o) Promover os PFPP.
- p) Continuar coa política de aforro enerxético, intentando fomentar unhas boas prácticas medioambientais entre toda a comunidade educativa.
- q) Fomentar a **educación e formación para a igualdade**, segundo a Lei 7/2004 para igualdade de oportunidades entre home e mulleres, como un reto da comunidade educativa.
- r) Potenciar a **orientación persoal, académica e profesional** de todo o alumnado, segundo as etapas educativas, dende a transición da educación primaria á da secundaria.

3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCCIÓN

- x Xornadas de recepción do alumnado de 6º de Primaria.
- x Reunións do Equipo de Orientación e Xefatura de Estudos cos Equipos de Orientación e profesorado de 6º de Primaria.
- x Reunións unha vez ao mes dos titores con Xefatura de Estudos e orientación.
- x Deseño de actividades alternativas como medidas correctoras.
- x Adaptación dos métodos e instrumentos de avaliación para o alumnado con TDAH , trastorno de conduta, TEL, asperger, altas capacidades,...
- x Iniciar un PFPP entre os distintos departamentos para poñer en marcha o Plan Dixital.

- x Elaboración de materiais para unha avaliación significativa:
 - Elaborar un protocolo que guíe aos equipos docentes na avaliación do proceso de ensinanza e da práctica docente en cada sesión de avaliación, a partir dos indicadores de logro fixados nas programacións didácticas.
 - Elaborar un modelo de memoria final orientada a que os departamentos didácticos, a partir das memorias elaboradas por cada un dos seus membros, fagan análises comparativas de resultados entre grupos de nivel, tiren conclusións e formulen propostas de mellora.
 - Elaborar un histórico dos resultados académicos do alumnado a nivel de centro que permita facer análises comparativas e ver a evolución do mesmo.

- x Participación en Contratos – Programa

- x Participación no Plan de Formación Permanente do Profesorado

4. RECURSOS PREVISTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN

- Profesorado do centro.
- Recursos materiais do centro.
- Dotación económica da Consellería.
- Asesoramento do CEFORE.
- Colaboración da ANPA do IES Monte das Moas.

5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN. INDICADORES DE LOGRO

Seguimento: O plan xeral anual terá un seguimento permanente no que se revisarán os seguintes aspectos:

- O deseño e funcionamento da PXA
- A idoneidade das tarefas propostas para o desenvolvemento da PXA

- Os avances e dificultades encontradas no desenvolvemento da PXA.
- A coordinación entre os distintos sectores da comunidade educativa en canto a metodoloxía utilizadas e as actuacións levadas a cabo.
- O funcionamento das sesións de coordinación das reunións.
- O grao de satisfacción de todos os implicados, alumnos/as, familias, e profesores/as.

Avaliación: A avaliación incluíra varios aspectos, a temporalización, os criterios de avaliación e os procedementos de avaliación.

En canto á **temporalización**, haberá tres momentos a destacar:

- Unha avaliación previa ou inicial que terá carácter diagnóstico e nos permite deseñar unha PXA realista e adaptada ás necesidades do centro.
- Unha avaliación de procesos, que será levada a cabo no seguimento da implementación da PXA. Terá en conta todas as actuacións, medidas e programas a desenvolver.
- Unha avaliación final ou de resultados que permita comprobar se se acadaron os obxectivos e en que grao. Todo isto tendo en conta a valoración e implicación dos participantes que inclúe a toda a comunidade educativa e o seu entorno.

Respecto aos **criterios de avaliación** permite analizar a consecución dos obxectivos e en que grao. Partirase sempre dos mesmos nos seguintes termos:

		GRAOS		
CRITERIOS A AVALIAR		SI	NON	EN PROCESO
No ámbito do centro	Revisaron os documentos oficiais de centro e deixaron constancia dos contidos específicos.			
	Implicaron a toda a comunidade educativa nas distintas liñas de actuación e contaron cos recursos necesarios.			

	Informaron e comunicaron de todos os protocolos necesarios para o desenvolvemento do plan.			
	Proporcionaron unha formación permanente e en temas relativos innovación educativa.			
No ámbito do alumnado	Detectaron necesidades de carácter persoal que poden incidir no rendemento e na conduta para facer prevención ou intervencións.			
	Previron e desenvolveron actuacións a nivel individual e colectivo para a resolución pacífica de conflitos.			
	Realizaron intervencións a nivel individual e grupal, dende as titorías, para a orientación persoal, académica e profesional.			
No ámbito das familias	Corresponsabilizaron ás familias no labor para unha boa educación e convivencia no centro.			
	Informaron, formaron e asesoraron en temas de interese para os fillos/as.			
	Contaron coas canles de comunicar para tratar temas de orientación persoal, académica e profesional, e problemas de conduta no centro educativo, tendo en conta a representación no consello escolar.			

No relativo aos **instrumentos de avaliación** teranse en conta diversos tipos para valorar o noso plan, tanto cualitativos como cuantitativos: cuestionarios, enquisas, follas de rexistros e todos aqueles documentos que poida ser preciso ter en conta para a avaliación do proxecto.

Indicadores de logro: Os indicadores de logro se concretarán segundo as liñas de actuación establecidas no proxectos, cos respectivos obxectivos específicos para establecer propostas de mellora. Isto, establecerase para medir, de maneira obxectiva e moi detallada, os obxectivos desta PXA.

Unha vez realizado o seguemento dos distintos obxectivos propostos nesta programación, realizaremos unha proposta de mellora para o curso seguinte.

PROPOSTAS DE MELLORA	
Respecto do equipo directivo	
Respecto dos obxectivos establecidos	
Respecto das liñas de actuación/medidas establecidas	
Respecto da implicación e participación do profesorado	
Respecto da implicación e participación da familia	
Respecto da implicación e participación do alumnado	

Respecto da implicación e participación do PAS	
Respecto da implicación e participación dos axentes externos	
Respecto ás actuacións, programas e medidas establecidas	
Respecto da difusión do proxecto	
Respecto á implementación, seguimento e avaliación	

Concluído o curso escolar, a dirección do centro realizará unha memoria de xestión e autoavaliación no que se estimen todos aqueles aspectos e ámbitos da PXA. Este informe será presentado e debatido tanto no Claustro como no Consello Escolar do centro para facer novas propostas de mellora para o curso seguinte. Nesta memoria final incluíránse as memorias dos distintos departamentos así como de todos os proxectos e programas nos que participa o centro co fin de valorar a súa consecución.

CAPÍTULO 2. DOC

1. HORARIO XERAL DO CENTRO

1.1. Horario lectivo do centro

As actividades lectivas desenvólvense en sesións de cincuenta minutos de duración cada unha. Polas mañás, seis períodos lectivos dende as 8:30 ata as 14:10, con dous recreos de vinte minutos, de 10:10 a 10:30 e de 12:10 a 12:30 e pola tarde do luns dous períodos lectivos de 16:30 ata as 18:10 h.

Nos recreos permanecen abertos e con vixilancia os seguintes espazos: Patio, Pista e Biblioteca. As aulas permanecerán valeiras e coas fiestras abertas para a súa correcta ventilación.

No caso de querer empregarse outro espazo do centro (aula de Música, aula de Informática, Ximnasio, Pavillón, ...) durante os recreos debe ter autorización da dirección e, en todo caso, sempre haberá profesorado que se faga responsable.

1.2. Horario dos servizos e instalacións do centro

SECRETARÍA:

HORARIO: - Luns a venres: de 9:00 a 13:30 h

CONSERXERÍA:

HORARIO: - Luns a venres: de 08:30 a 14:00 h

- Luns e mércores: de 16:30 a 18:00 h

BIBLIOTECA:

Abrirase todos os días durante os recreos e será atendida polo profesorado de garda. Tamén se utiliza como sala de lectura e coma aula nalgunhas sesións lectivas en función das necesidades.

Calquera excepcionalidade da apertura do centro fóra do horario lectivo habitual deberá ser analizada especificamente.

OUTROS ESPAZOS DO CENTRO:

As reunións de claustro, de coordinación, de avaliación, etc. se realizarán na sala do profesorado, salón de actos, aulas, biblioteca, etc.; a determinar en cada momento.

Para reunións da xunta de delegadas/os, xuntas de nais e pais, a dirección designará a dependencia que considere axeitada.

Ademais haberá actividades extraescolares propostas pola ANPA nas que se usará o pavillón para a realización de ditas actividades fóra do horario lectivo.

1.3. Horario de verán

O horario de verán organizarase do seguinte xeito:

Xullo	De 10:00 a 12:00 h
Agosto	De 10:00 a 12:00 h (os martes e xoves)
Setembro	De 10:00 a 12:30 h (antes do comezo das clases)

2. DOC – XADE (En documento aparte)

CAPÍTULO 3. PROXECTOS E PROGRAMAS

1. PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A Vicedirección está a elaborar, xunto aos diferentes departamentos didácticos e equipos do centro, unha planificación de actividades complementarias e extraescolares para todo o curso coas achegas dos anteriormente nomeados Departamentos didácticos e de Orientación, así como dos Equipos de Dinamización Lingüística e de Biblioteca (as saídas e actividades destes equipos están reseñadas noutros apartados desta mesma PXA).

Están previstas, entre outras, saídas didácticas a concertos e obras de teatro, visitas a museos tanto artísticos como científicos, tamén a empresas e industrias, etc. Ao longo do curso tamén haberá diferentes charlas e conferencias didácticas ás que asistirá o alumnado do IES Monte das Moas tanto no propio centro, especialmente no Salón de Actos, como fóra do mesmo.

Distintas asociacións e organizacións, tanto institucionais (por exemplo, o Concello da Coruña) como privadas, propoñen obradoiros, talleres e charlas sobre diferentes problemáticas, interesantes para o noso alumnado, que se irán desenvolvendo ao longo de curso, coordinadas polo Departamento de Orientación, e que se realizarán nos programas de acción tutorial dos diferentes cursos; destacan neste sentido as actividades planificadas polo Concello da Coruña no seu programa Coruña Educa. Tamén se levarán a cabo charlas e visitas coordinadas polo Departamento de Orientación, coas universidades (USC, UDC, UVI) e coa propia Consellería (información sobre ciclos de FP) en relación co futuro desenvolvemento académico e laboral do noso alumnado (especialmente para o alumnado de 3º e 4º de ESO e de 1º e 2º de Bacharelato).

Débese tamén destacar a continuidade do extraordinario traballo, tanto no noso centro como representándoo fóra do mesmo en diferentes certames, programas e actuacións, realizado polos grupos de Música (Dijo 4) e de Teatro (Telón de Aquiles) do noso instituto, coordinados por Juan José Dios Cañada e por Rafael Alonso Pica, respectivamente, e vencellados ao Contrato-Programa de Excelencia do IES Monte das Moas.

Ao longo do presente curso vanse realizar diferentes exposicións nos Espazos Expositivos do centro tanto de traballos, en relación con diferentes asuntos, problemáticas, concursos e conmemoracións, do alumnado do IES Monte das Moas como de Exposicións , con diferentes asuntos e problemáticas de carácter didáctico e/ou conmemorativo-reivindicativo, traídas ao centro polos diferentes departamentos e equipos do noso Instituto.

Nas actividades institucionais do centro este curso vaise celebrar no Salón de Actos do noso centro o Acto de Graduación da actual promoción de 2º de Bacharelato. Este é un dos actos institucionais máis importantes que se organizan e celebran no noso Instituto onde participa toda a comunidade escolar: alumnado, profesorado, familias, PAS, ANPA e outras persoas, vinculadas ao centro.

Durante o curso tamén cabe a posibilidade de celebración dalgún festival como no Nadal e/ou no Entroido.

Por último, débese facer fincapé en que durante o curso 2023-24 organizárase polo noso centro, e coa colaboración da ANPA, a viaxe de fin de ciclo educativo (fin da ESO) para o alumnado da actual promoción de 4º de ESO.

PROPOSTA DE POSIBLES ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES POR DEPARTAMENTOS.

*O catálogo de posibles saídas e actividades se actualizará a medida que se vaia desenvolvendo o curso (posibilidade de novas actividades ou saídas a realizar polos diferentes departamentos didácticos)

DEPARTAMENTO ORGANIZADOR	ACTIVIDADES PROPOSTAS (posibilidade de realizarse ou non)	POSIBLES DATAS PREVISTAS (AVALIACIÓN S/TRIMESTRES)	POSIBLE ALUMNADO PARTICIPANTE
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	Visita ao Aquarium Finisterrae	2º/3º Trimestre	1º de ESO
	Visita á Domus	2º/3º Trimestre	3º de ESO
	Roteiro do Mirador da Carboeira (xunto ao Departamento de Educación Física)*	3º Trimestre	4º de ESO
	Roteiro dos Encomendeiros (xunto ao Departamento de Educación Física)*	3º Trimestre	1º de Bacharelato
	Visita ao SAI (Servizos de Apoio á Investigación)	2º Trimestre	2º de Bacharelato
	Talleres científicos impartidos polo grupo de UDCiencia da UDC	2º Trimestre	3º de ESO
	Asistencia ás Xornadas de Portas Abertas da UDC	2º Trimestre	1º de Bacharelato
	Exposición no centro no Día da Muller e a Nena na Ciencia	2º Trimestre	Todo o alumnado sen determinar
	Xornadas científicas no centro	2º/3º Trimestre	Todo o alumnado sen determinar
	Exposición vermes da seda	3º Trimestre	Todo o alumnado sen determinar
ECONOMÍA	Charla sobre transplantes	Sen determinar	1º de Bacharelato
	Visita ao Banco de España	1º/2º Trimestre	1º de Bacharelato
	Visita a Gadis ou empresa semellante	1º/2º Trimestre	2º de Bacharelato
	Visita a polígono industrial	1º/2º Trimestre	4º de ESO/1º/2º de Bacharelato
	Charlas de consumo/productos bancarios	1º/2º/3º Trimestre	4º de ESO/1º/2º de Bacharelato
EDUCACIÓN FÍSICA	Saída á Refinería conxuntamente co alumnado de Química/Física e Química (xunto ao Departamento de Física e Química)*	1º/2º Trimestre	1º/2º de Bacharelato
	Roteiro de sendeirismo por Seixo Branco (xunto ao Departamento de Bioloxía e Xeoloxía)*	3º Trimestre	2º de ESO
	Xornada de sendeirismo polo Roteiro dos Faros (xunto ao Departamento de Xeografía e Historia)*	1º ou 3º Trimestre	3º de ESO
	Roteiro do Mirador da Carboeira (xunto ao Departamento de Bioloxía e Xeoloxía)*	3º Trimestre	4º de ESO
Roteiro dos Encomendeiros (xunto ao Departamento de Bioloxía e Xeoloxía)*	3º Trimestre	1º de Bacharelato	

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL	Visita ao Museo de Belas Artes da Coruña	Sen determinar	3º de ESO
	Visita e actividades vinculadas á exposición de fotografía (Helmut Newton) no porto da Coruña organizadas pola UDC e Inditex	Sen determinar	3º de ESO
	Charlas no centro propostas pola USC e/ou a UDC sobre temas relacionados co debuxo e os estudos universitarios	Sen determinar	1º/2º de Bacharelato
FILOSOFÍA	Sen actividades previstas polo de agora		
FÍSICA E QUÍMICA	“Taller aberto” na Domus da Coruña	1º Trimestre (decembro de 2023)	Alumnado de Química de 2º de Bacharelato
	Charla divulgativa IGFAE	1º Trimestre (novembro de 2023)	Alumnado de Física e Química de 1º de Bacharelato e de Física de 2º de Bacharelato
	Charla divulgativa UDC	2º Trimestre (febreiro de 2023)	Alumnado de Física e Química de 4º de ESO
	Taller divulgativo UDC	2º Trimestre	3º de ESO
FRANCÉS	Celebración de festividades francesas (Nöel, Saint-Valentin, Chandeleur, la Fête du Muguet)	1º/2º/3º Trimestre	Todo o alumnado de Francés
	Asistencia a exposicións relacionadas coa cultura francesa	1º/2º/3º Trimestre	Todo o alumnado de Francés
	Ir ao cine a ver algunha película francesa en versión orixinal	3º Trimestre	Alumnado de Francés sen determinar
	Asistencia a unha obra de teatro en francés na Coruña	2º trimestre (xaneiro de 2024)	Alumnado de Francés sen determinar
	Celebración dalgúns días internacionais da UNESCO (por exemplo, o Día Internacional da Muller)	1º/2º/3º Trimestre	Todo o alumnado de Francés
	Fête de la Musique, se fose posible en colaboración con outros departamentos	3º Trimestre (xuño de 2024)	Todo o alumnado de Francés
INGLÉS	Sen actividades previstas polo de agora		
LATÍN/GREGO (CLÁSICAS)	Asistencia ao Festival de Teatro Clásico de Lugo (pode haber representacións na Coruña)	2º Trimestre (marzo de 2024)	Alumnado de Latín de 4º de ESO e de Latín e Grego de 1º e 2º de Bacharelato
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	Participación nas actividades culturais do Instituto	1º/2º/3º Trimestre sen determinar	Todo o alumnado sen determinar
	Recitais poéticos nas aulas e no Salón de Actos ou fóra do Instituto (Fórum, Ágora...)	1º/2º/3º Trimestre sen determinar	Todo o alumnado sen determinar
	Charlas-coloquio con algún autor de literatura xuvenil no Instituto ou fóra del (Fórum, Ágora...)	1º/2º/3º Trimestre sen determinar	Todo o alumnado sen determinar

	Asistencia a representacións teatrais fóra do Instituto ou incluso fóra da Coruña	1º/2º/3º Trimestre sen determinar	Todo o alumnado sen determinar
	Propostas de creación literaria: poesía, contos, murais, greguerías...	1º/2º/3º Trimestre sen determinar	Todo o alumnado sen determinar
	Asistencia a video-fórum	1º/2º/3º Trimestre sen determinar	Todo o alumnado sen determinar
	Animación á lectura a partir das bibliotecas de aula e dos clubs de lectura	1º/2º/3º Trimestre sen determinar	Todo o alumnado sen determinar
	Saídas guiadas a centros culturais de interese e visita a algunha biblioteca de barrio	1º/2º/3º Trimestre sen determinar	Todo o alumnado sen determinar
	Organización de concursos de redacción, lectura e ortografía	3º Trimestre (abril ou maio de 2024)	Todo o alumnado sen determinar
	Celebración do Día do Libro	3º Trimestre (semana do 23 de abril de 2024)	Todo o alumnado sen determinar
	Coordinación, vinculada ao Contrato Programa Innova (de EduExcelencia), do grupo de teatro do Instituto (Telón de Aquiles) en colaboración co grupo de música do Instituto (Dijo 4): -Asistencia a cursos de formación para o alumnado do grupo de teatro -Gravación en vídeo das obras de Teatro representadas por Telón de Aquiles -Participación na Mostra de Teatro do Concello (recepción no Instituto de grupos de teatro doutros centros e representacións fóra do centro de Telón de Aquiles) -Participación no Premio de Teatro da Deputación (representación no IES Rosalía Mera e asistencia á cerimonia de premios no Teatro Colón)	1º/2º/3º Trimestre	Alumnado que forma parte dos grupos de teatro e de música do Instituto
LINGUA GALEGA E LITERATURA	Mural da Lírica Medieval na porta da cafetería do Instituto	2º Trimestre (xaneiro de 2024)	3º de ESO e 1º de Bacharelato
	Visita a Santiago ao Museo do Pobo Galego	Sen determinar	2º de ESO
	Concerto de Xoán Curiel de Pop-medieval no Salón de Actos do Instituto do Programa "Acción cultural e educativa para a mocidade: Cantigas e murais para o coñecemento do Reino"	2º Trimestre (xaneiro de 2024)	3º de ESO e 1º de Bacharelato
	Asistencia no Centro Ágora da Coruña a unha actividade do programa "Falamos Secundaria": Concerto da Banda AldaoLado	1º Trimestre (novembro de 2024)	Alumnado de 3º de ESO
	Saída a Ponteceso	3º Trimestre (xuño de 2024)	3º de ESO
	Roteiro literario en Padrón e Rianxo (visita á Casa de Rosalía, á Casa Museo de Manoel Antonio, xincana	3º Trimestre (abril de 2024)	1º de Bacharelato

	pola vila de Rianxo e posibilidade dunha visita guiada pola vila de Padrón -dependendo da dispoñibilidade do guía do Concello-)		
	Roteiro literario pola Coruña sobre a autora Luísa Villalta, autora a quen se homenaxea no Día das letras Galegas 2024	Sen determinar	Sen determinar
	Charlas con escritores	1º/2º/3º Trimestre	Sen determinar
	Saídas ao teatro	1º/2º/3º Trimestre	Sen determinar
	Visita a Santiago de Compostela ao Parlamento de Galicia	Sen determinar	Alumnado de 1º ou 3º de ESO
MATEMÁTICAS	Sen actividades previstas polo de agora		
MÚSICA	Ensaio aberto da Orquestra Sinfónica de Galicia no Pazo da Ópera da Coruña	3º Trimestre (abril de 2024)	2º de ESO
	Concerto didáctico “Xogo de espellos” do programa “Son Futuro” do Concello da Coruña	2º Trimestre (xaneiro de 2024)	2º de ESO
	Concerto didáctico no IES Monte das Moas	1º Trimestre	Sen determinar
	Concerto da Sociedade Filarmónica da Coruña	Sen determinar	Sen determinar
	Concerto do Conservatorio da Coruña	Sen determinar	Sen determinar
	Visita á colección de instrumentos musicais na Fundación Barrié de la Maza da Coruña	Sen determinar	Sen determinar
	Visita á colección de instrumentos musicais da Catedral de Santiago	Sen determinar	Sen determinar
	Saída á exposición “Symphony” de Caixaforum nos xardíns de Méndez Núñez da Coruña	1º Trimestre	Alumnado de 2º de ESO
	<p>Coordinación, vinculada ao Contrato Programa Innova (de EduExcelencia), do grupo de música do Instituto (Dijo 4) en colaboración co grupo de teatro do Instituto (Telón de Aquiles) e en colaboración con AFACO, Escola de Danza Druída e Escola Infantil dos Rosais:</p> <p>-Gravación en video das obras de Teatro representadas por Telón de Aquiles</p> <p>-Participación na Mostra de Teatro do Concello (recepción no Instituto de grupos de teatro doutros centros e representacións fóra do centro de Telón de Aquiles)</p> <p>-Participación no Premio de Teatro da Deputación (representación no IES Rosalía Mera e asistencia á cerimonia de premios no Teatro Colón)</p> <p>-Participación no PROXECTO de MÚSICA de AFACO realizado polo grupo instrumental/musical do centro en colaboración con AFACO, a Escola de Danza Druída e coa Escola Municipal de Os Rosais.</p> <p>-Concertos no centro por parte do grupo instrumental do centro (acompañado ou non por outros/as alumnos/as do centro) en datas “especiais” como por exemplo Nadal.</p> <p>-Colaboración co acto da cerimonia de graduación de 2º de Bacharelato.</p>	1º/2º/3º Trimestre	Alumnado que forma parte do grupo de música do Instituto

ORIENTACIÓN	Actividades do Programa Educa Coruña do Concello da Coruña en relación co programa de acción tutorial (obradoiros realizados por ADAFAD, AGALURE, ACLAD, AVENTEIRA e outras institucións e asociacións deste tipo): -“A rede e as súas redes” -Prevención de riscos asociados a Internet	1º Trimestre	1º ESO
	Actividades do Programa Educa Coruña do Concello da Coruña en relación co programa de acción tutorial (obradoiros realizados por ADAFAD, AGALURE, ACLAD, AVENTEIRA e outras institucións e asociacións deste tipo): -Educación viaria -Primeiros auxilios	2º Trimestre	1º ESO
	Actividades do Programa Educa Coruña do Concello da Coruña en relación co programa de acción tutorial (obradoiros realizados por ADAFAD, AGALURE, ACLAD, AVENTEIRA e outras institucións e asociacións deste tipo) -“Fuga de cerebros: Habilidades sociais fronte ás adiccións”	1º Trimestre	2º ESO
	Actividades do Programa Educa Coruña do Concello da Coruña en relación co programa de acción tutorial (obradoiros realizados por ADAFAD, AGALURE, ACLAD, AVENTEIRA e outras institucións e asociacións deste tipo): -Obradoiro: Aprender en igualdade creando II”	2º Trimestre	2º ESO
	Actividades do Programa Educa Coruña do Concello da Coruña en relación co programa de acción tutorial (obradoiros realizados por ADAFAD, AGALURE, ACLAD, AVENTEIRA e outras institucións e asociacións deste tipo): -Obradoiro: Videoxogos e o seu dominio (uso de novas tecnoloxías)	3º Trimestre	2º ESO
	Actividades do Programa Educa Coruña do Concello da Coruña en relación co programa de acción tutorial (obradoiros realizados por ADAFAD, AGALURE, ACLAD, AVENTEIRA e outras institucións e asociacións deste tipo): -Obradoiro: A máscara das drogas	1º Trimestre	3º ESO
	Actividades do Programa Educa Coruña do Concello da Coruña en relación co programa de acción tutorial (obradoiros realizados por ADAFAD, AGALURE, ACLAD, AVENTEIRA e outras institucións e asociacións deste tipo) -Obradoiro: Prevención, abordaxe e xestión de conflitos	2º Trimestre	3º ESO

	Actividades do Programa Educa Coruña do Concello da Coruña en relación co programa de acción tutorial (obradoiros realizados por ADAFAD, AGALURE, ACLAD, AVENTEIRA e outras institucións e asociacións deste tipo): -Obradoiro Foro-Debate: Pensar en igualdade con miras amplas	3º Trimestre	3º ESO
	Actividades do Programa Educa Coruña do Concello da Coruña en relación co programa de acción tutorial (obradoiros realizados por ADAFAD, AGALURE, ACLAD, AVENTEIRA e outras institucións e asociacións deste tipo): -Obradoiro: O valor do “Non, eu paso”	1º Trimestre	4º ESO
	Actividades do Programa Educa Coruña do Concello da Coruña en relación co programa de acción tutorial (obradoiros realizados por ADAFAD, AGALURE, ACLAD, AVENTEIRA e outras institucións e asociacións deste tipo): -Taller de prevención no uso de internet, redes sociais e xogos interactivos	1º Trimestre	4º ESO
	Actividades do Programa Educa Coruña do Concello da Coruña en relación co programa de acción tutorial (obradoiros realizados por ADAFAD, AGALURE, ACLAD, AVENTEIRA e outras institucións e asociacións deste tipo): -Obradoiro de saúde afectivo-sexual	2º Trimestre	4º ESO
	Actividades do Programa Educa Coruña do Concello da Coruña en relación co programa de acción tutorial (obradoiros realizados por ADAFAD, AGALURE, ACLAD, AVENTEIRA e outras institucións e asociacións deste tipo): -Con-tacto con Palabras: promoción da saúde mental no ámbito escolar	3º Trimestre	4º ESO
	COORDINACIÓN POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DE PROGRAMAS CON AXENTES EXTERNOS: - Programa municipal de Antenas de Información xuvenil, aberto á participación de todo alumnado do centro - Convenio co Secretariado Xitano: “Proyecto piloto de itinerarios de inclusión para personas beneficiarias del IMV/Rentas Básicas” - Colaboración coa Unidade de Acompañamento e Orientación	1º/2º/3º Trimestre	

	PROGRAMA DE MOBILIDADE SOSTIBLE VINCULADO AO PLAN PROXECTA 2023/24: - Charlas e formación sobre educación viaria (por exemplo, charlas de Stop Accidentes), celebración de talleres para o uso adecuado das bicicletas e saída do Día da bicicleta	3º Trimestre	1º de ESO
	OUTROS PROGRAMAS, SAÍDAS, ACTIVIDADES E CHARLAS DESENVOLVIDOS POR ORIENTACIÓN EN RELACIÓN CO PROGRAMA DE ORIENTACIÓN VOCACIONAL E/OU UNIVERSITARIA : -Charlas do programa da Universidade de Santiago de Compostela "A Ponte" -Charla da USC (Universidade de Santiago) sobre graos universitarios e ABAU. -Posibles visitas aos campus da UDC e/ou da USC. -Posibles charlas da UDC (Universidade da Coruña) no seu programa de orientación vocacional e toma de decisión. -Charla sobre as Forzas Armadas #	1º/2º/3º Trimestre	Alumnado de 2º de Bacharelato (nalgúns casos tamén algún alumnado de 1º de Bacharelato) # Nesta charla alumnado interesado de 3º e 4º de ESO e de 1ª e 2ª de Bacharelato
	Programa de habilidades sociais e selección de alumnos axudantes. Realización dunha saída ou actividade de fin de curso (por determinar).	1º/2º/3º Trimestre	Alumnado interesado de todos os cursos
	Clube de lectura do Departamento de Orientación	1º/2º/3º Trimestre	Alumnado de 1º ciclo de ESO
	OUTROS PROGRAMAS, SAÍDAS, ACTIVIDADES E CHARLAS DESENVOLVIDOS POR ORIENTACIÓN EN RELACIÓN CO PROGRAMADE ACCIÓN TITORIAL : -Charlas de SOS Racismo. -Outras charlas/actividades en función das ofertas recibidas durante o curso.		
	PLAN DIRECTOR para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e as súas contornas: Charlas sobre acoso escolar enfocadas ao Ciberacoso	1º Trimestre	3º e 4º de ESO e 1º de Bacharelato
RELIXIÓN CATÓLICA	Visita ao Belén de Valga e ao Museo da Historia en Valga	1º Trimestre	Alumnado de Relixión de 1º de ESO
	Visita ás cubertas da Catedral de Santiago e ao Museo catedralicio xunto á visita ao Parlamento de Galicia (*coordinada xunto ao departamento de Xeografía e Historia)	2º Trimestre	3º de ESO
	Visita ás cubertas da Catedral de Santiago e ao Museo catedralicio	2º ou 3º Trimestre	Alumnado de Relixión de 1º de Bacharelato
TECNOLOXÍA	Dúas visitas ao Parque eólico experimental Sotavento en Xermade	2º Trimestre	2º de ESO
	Concurso de robótica Igaciencia no IES Ramón Menéndez Pidal	1º Trimestre	Alumnado de 4º de ESO de Tecnoloxía

	Concurso de robótica drones Igaciencia no IES Ramón Menéndez Pidal	1º Trimestre	Alumnado de 4º de ESO de Tecnoloxía
	Visita ao Muncyt ou a Domus (*coordinada xunto ao departamento de Xeografía e Historia)	2º Trimestre	1º de ESO
	Saída a algunha exposición local na cidade	2º ou 3º Trimestre	1º de Bacharelato
	Saída ao Museo didáctico de Telecomunicacións da Coruña	1º Trimestre	Alumnado de 2º de Bacharelato de Tecnoloxía e Enxeñaría II
XEOGRAFÍA E HISTORIA	Visita ao Dolmen de Dombate e ao Castro de Borneiro	3º Trimestre	1º de ESO
	Actividade “Veñen os romanos” organizada polos Recreadores de Galicia	3º Trimestre	1º de ESO
	Visita á replica da Nao Victoria	Sen determinar	2º de ESO
	Visita ao Parlamento de Galicia xunto á visita ás cubertas da Catedral de Santiago e ao Museo catedralicio (*coordinada xunto ao departamento de Relixión)	2º Trimestre	3º de ESO
	Visita ao Arquivo do Reino de Galicia e ao Museo Militar na Coruña	Sen determinar	2º de Bacharelato

2. PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

O Decreto 79/2010 establece o reparto das materias curriculares nas linguas oficiais segundo o establecido nos artigos 7 e 8:

Artigo 7.- Educación secundaria obrigatoria.

Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.

Impartiranse en galego as materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química.

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras).

Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

Artigo 8.- Bacharelato.

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán.

Reparto lingüístico das materias durante o curso 2023-2024

1º ESO		
MATERIA	Nº HORAS	LINGUA
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	3	Galego
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	Galego
EDUCACIÓN FÍSICA	2	Castelán
EDUCACIÓN PLÁSTICA	2	Galego
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	3	Castelán
LINGUA GALEGA E LITERATURA	3	Galego
1ª LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS	3	Inglés
MATEMÁTICAS	4	Castelán
TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN	3	Castelán
2ª LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS	2	Francés
2ª LINGUA ESTRANXEIRA PORTUGUÉS	2	Portugués
PROXECTO COMPETENCIAL	1	Galego
RELIXIÓN	1	Castelán
TITORÍA	1	Galego

2º ESO		
MATERIA	Nº HORAS	LINGUA
FÍSICA E QUÍMICA	3	Castelán
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	Galego
EDUCACIÓN FÍSICA	2	Castelán
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	3	Castelán
LINGUA GALEGA E LITERATURA	3	Galego
1ª LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS	3	Inglés
MATEMÁTICAS	5	Castelán
MÚSICA	2	Galego
2ª LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS	2	Francés
2ª LINGUA ESTRANXEIRA PORTUGUÉS	2	Portugués

TECNOLOXÍA	3	Castelán
RELIXIÓN	1	Castelán
PROXECTO COMPETENCIAL	1	Galego
TITORÍA	1	Galego

3º ESO		
MATERIA	Nº HORAS	LINGUA
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	2	Galego
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	Galego
EDUCACIÓN FÍSICA	2	Castelán
EDUCACIÓN PLÁSTICA	2	Castelán
FÍSICA E QUÍMICA	2	Castelán
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	3	Castelán
LINGUA GALEGA E LITERATURA	3	Galego
1ª LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS	3	Inglés
MATEMÁTICAS	4	Castelán
MÚSICA	2	Castelán
2ª LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS	3	Francés
2ª LINGUA ESTRANXEIRA PORTUGUÉS	3	Portugés
ORATORIA	3	Castelán
EDUCACIÓN DIXITAL	3	Castelán
EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS	1	Castelán
PROXECTO COMPETENCIAL	1	Galego
RELIXIÓN	1	Galego
TITORÍA	1	Galego

4º ESO		
MATERIA	N.º HORAS	LINGUA
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	3	Galego
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	Galego
EDUCACIÓN FÍSICA	2	Castelán
EXPRESIÓN ARTÍSTICA	3	Galego
FÍSICA E QUÍMICA	3	Castelán
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	3	Castelán
LINGUA GALEGA E LITERATURA	3	Galego
LATÍN	3	Castelán
1ª LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS	3	Inglés
MATEMÁTICAS A	4	Castelán
MATEMÁTICAS B	4	Castelán
FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL E PROFESIONAL	3	Castelán

MÚSICA	3	Galego
ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO	3	Castelán
DIXITALIZACIÓN	3	Castelán
TECNOLOXÍA	3	Castelán
FILOSOFÍA	3	Castelán
2ª LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS	3	Francés
2ª LINGUA ESTRANXEIRA PORTUGUÉS	3	Portugués
RELIXIÓN	1	Castelán
PROXECTO COMPETENCIAL	1	Galego
TITORÍA	1	Galego

1º BACHARELATO		
MATERIA	N.º HORAS	LINGUA
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	4	Galego
ANATOMÍA APLICADA	4	Galego
ECONOMÍA	4	Castelán
EDUCACIÓN FÍSICA	3	Castelán
DEBUXO TÉCNICO I	4	Castelán
FILOSOFÍA	3	Castelán
FÍSICA E QUÍMICA	4	Castelán
HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO	4	Galego
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA I	3	Castelán
LINGUA GALEGA E LITERATURA I	3	Galego
INGLÉS I	3	Inglés
LATÍN I	4	Castelán
GREGO II	4	Castelán
MATEMÁTICAS I	4	Castelán
MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I	4	Castelán
TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA I	4	Castelán
TIC I	4	Castelán
2ª LINGUA FRANCÉS I	4	Francés
RELIXIÓN	1	Galego
ORATORIA INGLÉS	1	Inglés

2º BACHARELATO		
MATERIA	N.º HORAS	LINGUA
BIOLOXÍA	4	Galego
ECONOMÍA DA EMPRESA	4	Castelán
Hª DA FILOSOFÍA	4	Castelán
FÍSICA	4	Castelán
HISTORIA DE ESPAÑA	3	Galego
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II	3	Castelán
Hª DA ARTE	4	Galego
XEOGRAFÍA	4	Galego
LINGUA GALEGA E LITERATURA II	3	Galego
INGLÉS II	3	Inglés
LATÍN II	4	Castelán
MATEMÁTICAS II	4	Castelán
MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II	4	Castelán
MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS	2	Castelán
QUÍMICA	4	Castelán
DEBUXO TÉCNICO II	4	Castelán
TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA II	4	Castelán
TIC II	3	Castelán
PSICOLOXÍA	3	Castelán
RELIXIÓN	1	Castelán
COMENTARIO DE TEXTO	1	Castelán / Galego

3. PROGRAMACIÓN ANUAL DE LECTURA. BIBLIOTECA ESCOLAR

O Proxecto Lector pode ser unha oportunidade para repensar as prácticas docentes relacionadas coa lectura e a escritura e educación en información, a prol da mellora da calidade do ensino e da construción dunha sociedade lectora. O IES Monte das Moas comprométese a adoptar as seguintes medidas para levar a cabo o PLAN ANUAL DE LECTURA neste curso.

OBXECTIVOS

- De acordo coas medidas recollidas no Proxecto Lector do Centro e na Programación da Biblioteca, pomos en marcha **estratexias de carácter xeral** relativas á lectura:
- Atraer novos lectores. O noso obxectivo principal é aproveitar as inxedanzas literarias dos nosos lectores máis novos e fomentalas, así como impedir

perder lectores da etapa de Bacharelato.

- Cultivar o gusto e pracer de ler, compensando a falta de estímulos familiares, sociais ou persoais. Implantar á Hora de ler en 1º e 2º da ESO.
- Fomentar a oralidade en todos os ámbitos e disciplinas impartidas no centro.
- Favorecer a relación do alumno co libro minimizando a influencia que outras fontes de información e lecer, como é internet ofrece ao alumnado.
- Favorecer que a rapazada medre como lectora, descubriendo con ela os diferentes tipos de lectura: silenciosa, oral, individual e colectiva.
- Favorecer a comprensión lectora mediante técnicas de traballo persoal e na aula.
- Traballar (ler e escribir) con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.
- Actualizar os fondos bibliotecarios e dos departamentos de cara a mellorar e facer máis atractiva a actividade lectora.
- Intentar implicar a todo o profesorado nas actividades, proxectos interdisciplinares, campañas ou experiencias programadas para potenciar o hábito lector nos nosos alumnos.
- Contribuir co noso traballo a implementar os obxectivos de desenvolvemento sostible establecidos pola ONU para o 2030.

ESPAZOS, TEMPOS PARA A LECTURA, RECURSOS HUMANOS E ECONÓMICOS

Todos os **espazos** do noso centro están habilitados para realizar calquera das actividades de fomento de lectura promovidas no centro: a biblioteca, as aulas, os corredores principais, o salón de actos... Son espazos susceptibles de ser utilizados en calquera das nosas actividades: lectura individual e colectiva, exposicións e outros eventos organizados pola biblioteca. Para a difusión do plan anual utilizamos todos os medios ao noso alcance: internet (blog da biblioteca e do club de lectura), coordinación cos titores, paneis de exposición, cabaletes, carteis e taboleiros informativos nas aulas.

Os **tempos** previstos para a lectura son, ademais dos recreos nos que a biblioteca está aberta sempre (dous recreos diarios de 20 minutos); algunhas

tardes ocupadas en actividades dos clubs de lectura e outros obradoiros; os previstos para a lectura individual ou colectiva polas distintas materias nas aulas, e este curso, implantamos de novo a **Hora de ler** en 1º e 2º da ESO (20 minutos semanais, que van rotando por todos os periodos lectivos según un calendario previamente establecido).

En canto aos **recursos humanos**, contamos cun equipo de traballo e dinamización na biblioteca formado por seis profesoras definitivas e un profesor, e de varios compañeiros que axudan puntualmente. Pertencen a departamentos de linguas (galego, castelán, inglés) e ocúpanse sobre todo do préstamo difusión e fomento das actividades organizadas pola biblioteca.

EQUIPO DA BIBLIOTECA	HORARIO
María Carmen González Díaz (Coord.)	4h
Ana Isabel Martínez Fernández	
Margarita Fernández Iglesias	2h
Mar Hermida Pico	
Yolanda Gondell Delgado	1h 20 min
Matilde Mosquera Lendoiro	

Contamos tamén cun grupo entre o alumnado de **axudantes de biblioteca** que oscilan en torno a 15 persoas, que nos axudan durante os recreos en todo o relativo a organización e dinamización da biblioteca.

Os **recursos económicos** dependen a día de hoxe do orzamento anual do centro e, en gran medida, da contribución do **Plambe**. Tamén adoitamos contar con fondos procedentes da convocatoria do **Club de lectura**.

LIÑAS PRIORITARIAS EN RELACIÓN AO PAPEL DA BIBLIOTECA NO CENTRO

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

A biblioteca do noso centro permanecerá aberta ao alumnado durante todos os recreos (dous recreos de 20 minutos cada un). Está dispoñible para todo o profesorado e o seu alumnado durante todo o horario lectivo, salvo en dúas horas a semana na que se desenvolve unha clase de xadrez. Tamén abre algunhas tardes para o Club de lectura.

A coordinadora da biblioteca conta cun equipo de profesorado, que realizará labores de catalogación, préstamo e dinamización. Hai que ter en conta que o profesorado que forma parte do equipo de dinamización fai moitas veces horas extras fóra do seu horario coa idea de axilizar a catalogación ou calquera traballo de organización que se necesite.

Seguiremos criterios estandarizados no ámbito bibliotecario (CDU: simplificación xeral, especialmente para a zona de Narrativa, Poesía e Teatro) utilizando o *Programa Koha* para xestionar os fondos e préstamos da nosa biblioteca escolar.

DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, INTEGRACIÓN NO CURRÍCULO E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.

O equipo de traballo da biblioteca deberá elaborar un programa de ACTIVIDADES CO PROPÓSITO DE DINAMIZAR E PROMOCIONAR OS RECURSOS DA BIBLIOTECA, dito programa deberá ser realista e estar enmarcado dentro das nosas posibilidades funcionais dada a nosa precariedade actual, pero basicamente debería constar de:

- Guías de orientación á lectura.
- Publicidade de lecturas nos expositores, nos taboleiros das aulas, ou en “boletíns dixitais” subidos no blog do club de lectura e o blog da biblioteca.
- Convocatoria de concursos literarios ou de animación á lectura.

- Campañas lectoras para os períodos de vacacións.
- Elaboración de materiais propios para o club de lectura ou outras actividades de dinamización lectora.
- Exposicións de recursos para as distintas **conmemoracións** (Dereitos humanos, Día da Paz, Día da muller, Día da Poesía, Letras Galegas, etc.)
- Exposicións de novidades.

PLAN DE ACTUACIÓN POR TRIMESTRES

Iº TRIMESTRE

Tarefas:

- Realización do Plan anual de Biblioteca e revisión do Plan Lector de centro.
- Formación dos membros do equipo de dinamización no manexo do programa Koha, para axilizar a catalogación dos nosos fondos.
- Colaboración na dinamización e realización de actividades.
- Publicación de entradas nos nosos blogs.
- Rexistro e colocación de fondos bibliográficos.
- Compras (se se pode). A biblioteca recollerá ao principio de curso as solicitudes de novas adquisicións, de xeito que o profesorado e o alumnado conte cos recursos precisos para desenvolver o seu traballo.
- Asistencia as Xornadas de Bibliotecas escolares en Santiago en novembro.
- Planificar e buscar recursos para os encontros con escritores.
- Participar na elaboración dun proxecto interdisciplinar durante todo o curso en cooperación co proxecto proposto polo Plan de dixitalización do centro.

Actividades:

- Posta en marcha do **Club de lectura** “Lecturas Rebuldeiras”. Estará composto por alumnado e profesorado que se reunirá periodicamente para falar de libros. Un membro do equipo de biblioteca encargarse de coordinar e programar o

club.

- Organización do grupo de **axudantes de biblioteca** entre o alumnado.
- **Formación de usuarios** fundamentalmente para os estudantes novos de 1º ESO.
- **Celebración dos Día das escritoras** (16 de outubro). Todos os estudantes do centro fan un perfil con foto e decorado dunha escritora para a súa exposición durante esta semana. Participan todos os departamentos de linguas.
- **Celebración do SAMAÍN**: Concurso de decoración de taboleiros terroríficos nas aulas en 1º e 2º ESO. Concurso de Microrrelatos de terror en 3º, 4º ESO e 1º BAC. Exposición dos mesmos. Lectura dramatizada na biblioteca e entrega de premios.
- **Novembro, mes da ciencia en galego nas B.E.** Os profesores de ciencias realizarán distintos traballos co seu alumnado, usando os recursos da biblioteca, os que se dará visibilidade tanto nos espazos físicos do centro coma nos dixitais.
- **Día contra a violencia de xénero.** Realización dunha actividade na que participe todo o centro a través das titorías.
- ***Campaña de lectura de Nadal: Exposición e elaboración de recomendacións lectoras. Concurso e exposición de postais navideñas deseñadas polo alumnado. Decoración de Nadal na biblioteca usando libros.***

2º TRIMESTRE

Tarefas:

- Organización das principais efemérides do trimestre.
- Exposición de novidades, e de bibliografía relacionada coas efemérides.
- Rexistro e catalogación do material existente e de novos fondos. Compras.
- Colocación dos andeis e mantemento da orde nelas.
- Expurgo de enciclopedias e libros en desuso e baixa no sistema.

- Publicación de entradas das actividades e materiais nos nosos blogs.
- Organizar posibles encontros con escritores.

Actividades:

- Día da Paz.
- Entroido.
- “Día da muller”. Tradicional exposición de cartaces co lema elexido polas profesoras do centro para celebrar este día.
- Posible charla cunha escritora.
- Continuación do Club de lectura. Actualizacións do blog *Lecturas rebuldeiras*.
- Campaña de lectura previa á Semana Santa: Exposición na biblioteca e elaboración de recomendacións lectoras no blog de Bibliomoas.

3º TRIMESTRE**Tarefas:**

- Organización das principais efemérides do trimestre.
- Rexistro e colocacións dos novos fondos. Exposición e difusión.
- Colocación dos andeis e mantemento da orde neles.
- Expurgo de enciclopedias e libros en desuso e baixa no sistema.
- Publicación de entradas nos blogs da biblioteca e do Club de lectura.
- Peche do club de lectura. Entrega de diplomas e/ou regalos.
- Exposición e *Guía dixital de lecturas para o verán*.

Actividades:

- **Día da poesía e do teatro**. Estreo da obra do grupo de teatro do instituto. Recitais poéticos e lecturas dramatizadas nas aulas ou na biblioteca.
- Exposición de NOVIDADES e recomendacións lectoras na biblioteca.
- Club de lectura. Continuación e peche.

- Posibles charlas con escritores/as ou outros conferenciantes.
- **ABRIL mes das letras.** Elaboración de múltiples actividades para celebrar o *Día do Libro*, as máis sinaladas: Mercado Solidario de Libros (libros do expurgo por comida para o Banco de Alimentos da Coruña), e Concurso de microrrelatos en castelán.
- **Día das LETRAS GALEGAS.** Exposición no corredor das obras da autora homenaxeada. Exposición no corredor de carteis elaborados no centro (alumnado e profesorado) acerca da vida e obra da autora e outras posibles actividades.
- Campaña de lectura de vacacións.

AVALIACIÓN

Realizaremos dous tipos de avaliación para coñecer o grao de satisfacción e eficacia do Plan Lector dentro da nosa comunidade educativa:

De forma directa:

- o Avaliaremos os resultados das reunións periódicas do equipo de traballo da biblioteca e as suxestións e comentarios que nos fagan os membros dos diversos departamentos didácticos ou o noso alumnado.
- o Comprobaremos a incidencia das recomendacións dos departamentos a través dos préstamos de fondos na biblioteca.

De forma indirecta:

- o A través dos resultados das enquisas tanto ao alumnado como ao profesorado, follas de reflexión, etc.

En definitiva, a final de curso esta avaliación supón facer un balance dos puntos fortes e débiles da biblioteca, o que permite avanzar nun plan de mellora. Inclúe a fase de planificación e o acordo sobre tarefas prioritarias, así como sobre prazos, responsables e formas de organizar o traballo para levalas a cabo.

ITINERARIOS LECTORES: FOMENTO DA LECTURA NOS DIVERSOS

DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

1. LINGUA GALEGA E LITERATURA:

O Proxecto Lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios. Con esta finalidade empregaranse, cun enfoque funcional, as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

As actividades que irá levando a cabo este Departamento en relación co Proxecto Lector:

- Obra de lectura obrigatoria en cada trimestre. Esta proporcionará probas e traballos de diferente tipo (comprensión, interpretación, análise literaria dalgún aspecto, etc.) que se irán marcando en cada momento do trimestre. Valor do 10% da nota en cada avaliación.
- Lectura mínima diaria de 15 minutos e de textos de moi variado tipo.

- Visita á biblioteca do centro para realización dalgún traballo, previamente deseñado na clase, e sobre o que terán que buscar información.
- Uso da biblioteca para a lectura en silencio dalgunha obra literaria, cómic, revista, etc. que, anteriormente, a profesora ou profesor decida.
- Promocionar a participación en todas as actividades deseñadas pola biblioteca: concursos literarios, de debuxo, ...
- Valorar a participación activa no Club de lectura, (puntuando cun máximo de 1 punto a final de curso).
- Valoración de lecturas voluntarias, expostas nas aulas con comentarios orais (posibilidade de puntuar ata 0,5 en cada avaliación).

LIBROS DE LECTURA:

Traballarase cunha listaxe ampla de obras de lectura que poderá ser modificada ou consensuada entre o profesorado da materia ou individualizadamente con cada alumno/a no caso de que teña lecturas xa lidas ou que manifeste interese por ler outras diferentes das propostas.

Libros de lectura 1º da ESO

- Escarlatina, a cociñeira defunta, Leticia Costas
- Tonecho de Rebordechao, Breogán Riveiro
- Lúa de Senegal, Agustín Fernández Paz
- As meigas de Lupa, María Solar
- Corredora, María Reimóndez
- Palabras de auga, Marcos Calveiro
- Palabras de Caramelo, Gonzalo Moure
- No corazón do bosque, Agustín Fernández Paz
- Ith, Silvestre Gómez
- Chamádeme Simbad, Francisco Castro
- O Castañeiro de abril, A. Fraga
- O Raio veloz; Fernández Paz, Agustín
- Poemar o mar, García Teijeiro

- O Achado do castro, Núñez Singala
- *A folla azul*, Andrea Maceiras

Libros de lectura 2º da ESO

- Cartas de inverno, Agustín Fernández Paz
- Atranco no banco, Núñez Singala
- Unha estrela no vento, Leticia Costas
- Asústate, Merche, Fina Casalderrey
- Jules Verne e as mulleres planta, Leticia Costas
- Rapazas, Agustín Fernández Paz
- Abanda sen futuro, Marilar Aleixandre
- Be water; Antía Yáñez

Libros de lectura 3ºESO

- Irmán do vento, Manuel Lourenzo.
- Flor de area, Manuel Lourenzo
- Pel de lobo, Xosé Miranda
- Tristes armas, Marina Mayoral
- Cartas de amor, Fran Alonso
- Corazón de Xúpiter, Leticia Costas
- Os biosbardos, E. Blanco Amor
- Makinaria; Penúltimas tendencias, Carlos Negro
- Os nenos da varíola, María Solar
- Mentira, Care Santos
- Fóra do normal, María Reimóndez
- A ira dos mansos, Manuel Esteban
- O que sei do silencio, A. Maceiras
- Escolma de poesía ou Divino Sainete

Libros de lectura 4º ESO

- 1º trimestre: *Os dous de sempre / Os vellos non deben de namorarse*, Castelao.

Lecturas voluntarias que poderán ser avaliadas oralmente ou con comentarios persoais do alumnado sumando ata 0,5 puntos, obras que coincidan cos autores da programación.

- Na 2ª e 3ª avaliacións poderáselle ofrecer unha selección para facer un traballo guiado ou exame, a escoller entre varios libros e xéneros propostos. E teranse en conta as novidades que vaian aparecendo tanto de ficción como de libro informativo en lingua galega de calquera temática, sempre que sexa consensuado entre alumnado e profesora.

Entre as posibles lecturas voluntarias:

- A cabeza de Medusa, Marilar Aleixandre
- A comedia bífida, Manuel Núñez Singala
- Á lus do candil, Anxel Fole
- A nosa cinza, Xabier Alcalá
- Aire negro, Agustín Fernández Paz
- Anagnórise, Mª Vitoria Moreno
- Arnoia, Arnoia, Méndez Ferrín
- Dos arquivos do trasno, R. Dieste
- Fóra do normal, María Reimóndez
- Made in Galiza, Séchu Sende
- Morning Star, Xosé Miranda
- Os fillos do mar, Pedro Feijoo
- Poetízate, Fran Alonso
- Tes ata as 10, Francisco Castro
- Vento ferido, Carlos Casares

1º de Bacharelato

- 1º Trimestre, *Resistencia*, Rosa Aneiros
- 2º Trimestre. *A Esmorga*, Eduardo Blanco Amor
- 3º Trimestre. *A memoria da choiva*, Pedro Feijoo

Na 2ª e 3ª avaliacións poderáselle ofrecer unha selección para facer un traballo guiado ou exame, a escoller entre varios libros e xéneros propostos. E teranse en conta as novidades que vaian aparecendo tanto de ficción como de libro informativo en lingua galega de calquera temática, sempre que sexa consensuado entre alumnado e profesorado.

Lecturas optativas, puntuarán máximo 0,5:

- Poetízate, Fran Alonso
- Ollos de auga, Domingo Villar
- O Club da calceta, María Reimóndez
- Carrusel, de Berta Dávila
- Feliz Idade, de Olga Novo
- 22 segundos, de Eva Mejuto
- Os fillos do mar, de Pedro Feijoo
- O anxo negro, de Manuel Gago
- As rulas de Bakunin, de Riveiro Coello

2º de Bacharelato

- 1ª- *Made in Galiza*, Sechu Sende
- 2ª- *Senlleiras*, Antía Yañez
- 3ª- *O sol do verán*, Carlos Casares

2. LITERATURA UNIVERSAL

A materia de Literatura Universal impártese en galego e traballa directamente cos textos na clase e coas seguintes lecturas:

1ª Avaliación. A escoller catro entre:

- *Odisea* de Homero

- *Contos* de E. A. Poe
- *Cumbres Borrascosas* de E. Brontë
- *Frankenstein* de Mary Shelley
- *Las mil y una noches*. Anónimo

2ª Avaliación. A escoller catro entre:

- *Orgullo e prexuízo* de Jane Austen
- *Retrato de Dorian Gray* de Óscar Wilde
- *Poemas* de E. Dickinson
- *Anna Karenina* de Tolstói
- *Los miserables* de Víctor Hugo
- *El conde de Montecristo* ou *Los tres mosqueteros* de Alejandro Dumas
- *Veinte mil leguas de viaxe submarino* de Jules Verne
- *Moby-Dick* de Herman Melville
- *La cabaña del tío Tom* de Harriet Beecher Stone
- *Historia de mi vida* de George Sand
- *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro
- *A chamada da natureza* de Jack London
- *Oh, capitán* de Walt Whitman
- *Drácula* de Bram Stoker

3ª Avaliación. A escoller catro entre:

- *Fahrenheit 451* de Ray Bradbury
- *A metamorfose* de Kafka
- *Persépolis* de Mariane Satrapi
- *De catro a catro* de Manuel Antonio
- *20 poemas de amor y una canción desesperada* de Pablo Neruda
- *Las habitaciones de atrás* de Ana Frank
- *Criadas y señoras* de K. Stockett
- *Rebeca* de Daphe de Maurier
- *El talento de Mr. Ripley* de Patricia Highsmith
- *Rebeldes* de Susan E. Hinton

- *Matar a un ruiseñor* de Harper Lee
- *Como agua para chocolate* de Laura Esquivel
- *El club de la buena estrella* de Amy Tan
- *El tiempo entre costuras* de María Dueñas

3. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA:

O plan lector da materia guíase polos seguintes principios:

- Todas as unidades ábrese con textos (fundamentalmente narrativos, nos cursos da ESO e expositivo-argumentativos, en Bacharelato) para traballar a comprensión lectora. Tráballanse cinco destrezas:
 - x Comprensión global
 - x Obter información
 - x Interpretar o texto
 - x Reflexionar sobre a forma
 - x Reflexionar sobre o contido
- Lecturas. Lense ata dous libros por trimestre. Un máis próximo aos contidos curriculares e outro máis en consonancia cos gustos persoais de cada alumno/a.
- Utilízanse guías de lectura de cada obra con orientacións e propostas de traballo.
- Realízanse debates sobre as obras de lectura común para desenvolver tamén a expresión oral e assimilar pautas de comportamento social.
- Realización de actividades creativas sobre as lecturas.
- Creación de obras propias. Lectura en público, participación en concursos.
- Participación de profesorado do departamento no Club de lectura do IES.

O plan lector da materia guíase polos seguintes principios: o departamento propón listas abertas da que se escollerá un libro de lectura esencial por trimestre e un voluntario nos cursos da ESO.

1º de ESO:**Esenciais:**

- RUIZ ZAFÓN, *El príncipe de la niebla*.
- PÁEZ, Enrique, *Abdel*, SM
- BORRÁS, Alicia; *Nata y chocolate*. Anaya.
- SIERRA I FABRA, J., *Querido hijo, estás despedido*. (Reforzo)
- SIERRA I FABRA, J., *Querido hijo, estamos en huelga*. (Reforzo)

Voluntarios:

- SIERRA I FABRA, J. *El niño que vivía en las estrellas*.
- ALONSO, ANA, *Los instantes perfectos*.
- MARK TWAIN, *Tom Sawyer*. Anaya (Clásicos a medida).
- SIERRA I FABRA, Jordi; *El asesinato de la profesora de lengua*, Anaya.
- REID BANKS, Lynne; *Tigre, tigre*, Bambú.
- GALLEGO, Laura; *El valle de los lobos*.
- O. WILDE, *El crimen de lord Arthur Saville*.
- FINE, *Señora Doubtfire*.
- LONDON, Jack: *La llamada de lo salvaje*.
- LINDO, Elvira: *Manolito Gafotas*.
- LÓPEZ NARVÁEZ, Concha; *La sombra del gato y otros relatos*, Alfaguara.

2º de ESO:**Esenciais:**

- KERR, Judith: *Cuando Hitler robó el conejo rosa*, Alfaguara.
- GÓMEZ CERDÁ, Alfredo; *El rostro de la sombra*, SM.
- ALONSO, Ana y Pelegrín, Javier: *El sueño de Berlín*. Anaya.
- RUIZ ZAFÓN, Carlos: *Las luces de Septiembre*, Planeta.
- SIERRA I FABRA, J., *Campos de fresas*, SM.

Voluntarios:

- ALONSO, ANA, *Alzar la voz*. Anaya.
- SIERRA I FABRA, J., *Kafka y la muñeca viajera*.
- MIHURA, Miguel: *Melocotón en almíbar*, Espasa Calpe.
- CONAN DOYLE, A., *El sabueso de los Baskerville*.

- ÁLVAREZ, Luz, *Tomás, buscador de la verdad*.
- GRIPE, María, *Los escarabajos vuelan al atardecer*.
- VERNE, Julio, *Miguel Strogoff*. ... (e os mencionados en 1º ESO).

3º de ESO:

Esenciais

- HINTON, Susan E., *Rebeldes*, Alfaguara.
- CERVANTES, M., *Novelas ejemplares*, (selección).
- CASONA, Alejandro, *Retablo jovial*, Bruño.

Voluntarios

- MARTÍN GAITE, Carmen: *Caperucita en Manhattan*, Siruela.
- DELIBES, M., *La vida sobre ruedas*.
- ALLENDE, Isabel, *La ciudad de las bestias*.
- GÓMEZ CERDÁ, Alfredo, *Ninfa rota*. Anaya.
- M. HADDON, *El curioso incidente del perro a medianoche*.
- MENDOZA, Eduardo, *Sin noticias de Gurb*.

4º de ESO:

Esenciais

- BÉCQUER, Gustavo Adolfo: *Rimas y leyendas*.
- JARDIEL PONCELA, Enrique; *Eloísa está debajo del almendro*.
- J.D. SALINGER, *El guardián entre el centeno*.
- E. MENDOZA, *El misterio de la cripta embrujada*.

Voluntarios

- *Zalacaín el aventurero*, Pío BAROJA.
- *Como agua para chocolate*, Laura ESQUIVEL.
- *La voz dormida*, Dulce CHACÓN.
- *El misterio de la cripta embrujada*, Eduardo MENDOZA.
- *La metamorfosis*, Frank KAFKA.
- *La sonrisa etrusca*, José Luis SAMPEDRO.
- *Primavera con una esquina rota*, Mario BENEDETTI.

- *Bajarse al moro*, Luis Alonso DE SANTOS.
- *Bodas de sangre*, Federico GARCÍA LORCA.
- *El maestro de esgrima*, Arturo PÉREZ-REVERTE.
- *Orgullo y prejuicio*, Jane Austen.

1º de Bachillerato:

- Romancero (Antología)
- D. JUAN MANUEL; *El conde Lucanor*, (Selección de cuentos).
- JORGE MANRIQUE; *Coplas a la muerte de su padre*.
- ROJAS, *La Celestina*
- *Lazarillo de Tormes*.
- CERVANTES; *El ingenioso hidalgo don Quijote de la Mancha*, (selección de capítulos).
- CALDERÓN DE LA BARCA; *La vida es sueño*.

2º de Bachillerato:

- GARCÍA LORCA; *Romancero gitano*.
- A. BUERO VALLEJO; *La fundación*.
- Gabriel GARCÍA MÁRQUEZ; *Crónica de una muerte anunciada*.
- GRANDES, ALMUDENA; *El lector de Julio Verne*

4. FILOSOFÍA:

A contribución do Departamento ao plan lector pasa por propoñer unha serie de lecturas de libros e artigos seleccionados que fomenten a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e motiven e fomenten hábitos de lectura. Para acadar tales fins, proponse unha selección de lecturas de carácter obrigatorio e outras de carácter optativo, que serán feitas na aula ou como tarefas para entregar ou expoñer.

Os libros de lectura propostos proceden dos fondos da Biblioteca do Centro.

A relación de obras queda organizada por niveis do seguinte modo.

4º ESO - Filosofía:

- M. Shelley, Frankenstein.
- F. Kafka, La metamorfosis.

- F. Uhlman, Reencuentro.
- Platón, *El banquete*

1º Bacharelato - Filosofía:

- Roger-Pol Droit, *La filosofía explicada a mi hija*, Editorial Paidós
- Roger-Pol Droit, *Occidente explicado a todo el mundo*, Editorial Paidós
- Fernando Savater, *Ética para Amador*, Editorial Ariel.

1º Bacharelato - Antropoloxía:

- M. Harris, *Nuestras especie*, Alianza Editorial
- M. Harris, *Vacas, cerdos, guerras y brujas*, Alianza Editoria
- D. Morris, *El mono desnudo*, Editorial Plaza y Janés
- Tuiavii de Tiavea, *Los papalagi*, Integral
- A. Gehlen, *Antropología filosófica*, Ediciones Paidós

2º Bacharelato - Historia da Filosofía:

- J. Gaarder, *El mundo de Sofía*, Ed. Siruela

2º Bacharelato - Psicoloxía:

- O. Sacks, *El hombre que confundió a su mujer con un sombrero*, Anagrama
- O. Sacks, *Despertares*, Anagrama
- S. Freud, *Relatos clínicos*, Siruela
- F.B. Skinner, *Más allá de la libertad y de la dignidad*, Fontanella
- Slater, *Cuerdos entre locos*, Alba editorial

5. TECNOLOXÍA:

O departamento de Tecnoloxía promove o fomento da lectura, o desenvolvemento da lectura comprensiva de forma continuada e progresiva, a lectura de todo tipo de textos en soporte impreso ou dixital e a educación en información, empregando as tecnoloxías da comunicación e da información.

O noso traballo durante este curso consistirá, basicamente en desenvolver actividades co obxectivo de crear hábito lector e fomentar o gusto pola lectura.

Os recursos que empregaremos son os da biblioteca do centro: libros,

dicionarios, Cds e DVDs,...; e material informático e internet: ordenadores, encerados dixitais, impresoras e canóns de vídeo.

Propoñemos as seguintes actividades:

- Seleccionar lecturas tendo en conta os diferentes niveis de dificultade no contido e no vocabulario.
- Elaborar actividades de comprensión lectora (fichas).
- Empregar todo tipo de textos, en soporte papel ou dixital.
- Aproveitar os recursos da biblioteca do centro.
- Compartir estratexias e recursos cos demais departamentos, e actuar conxuntamente, sempre que sexa posible.

O plan lector concrétase coas seguintes medidas:

1. COMO MEDIDAS DE FOMENTO DA LECTURA:

Para traballar a competencia lectora:

- En todas as unidades didácticas propostas realizase a lectura na aula por parte do alumnado da unidade didáctica e analízase se comprenden o significado do que len.
- Nalgúns momentos puntuais, realizarase a lectura dun recorte de prensa aportado polo profesorado, ou ben algunha actividade de busca de información (na prensa, revistas especializadas, na rede, etc.) con respecto a un tema concreto proposto na aula.
- Nas materias de Tic o alumnado ten o material na aula virtual que debe ler de forma individual para realizar as distintas actividades dos tema que se está a traballar, o que require a comprensión lectora da documentación coa que se traballa.
- Proporase recoller novas publicadas nun xornal calquera, relacionadas coa unidade a traballar na aula nese intre.
- A biblioteca do centro conta con bibliografía de consulta das unidades traballadas na aula, así como doutros temas que poden ser moi interesantes para o alumnado, e dos cales se fai un comentario na aula.

Para traballar a expresión escrita:

- Cando traballemos no taller, elaborárase unha memoria final do proxecto realizado, onde explicarán o que fixeron por pasos. Aquí poderemos avaliar se coñecen o vocabulario técnico e se se saben expresar correctamente.
- Cando traballamos na aula de informática, nas materias de TIC, empregamos distintos programas de escritura para realizar as distintas actividades propostas.

Para traballar a alfabetización informacional:

- Antes de empezar os proxectos do taller o alumnado emprega o ordenador e libros do departamento para realizar unha pequena investigación onde recompilan, analizan e seleccionan información relacionada coas distintas posibilidades de resolver os problemas propostos polo profesorado e así poder realizar o proxecto máis axeitado. Con esta información elaboran planos e fan unha listaxe de materiais e ferramentas máis adecuadas necesarias para os proxectos.
- Nas materias de Tic realízanse traballos de investigación que requiren procura de información na rede.

2. LIBROS PROPOSTOS (DE LECTURA LÚDICA):

Para 2º Eso:

- *Relatos Galácticos, Jordi Sierra i Fabra*

Para 3º Eso:

- *El mundo de Max, Javier Fernández Panadero*

Para 4º Eso:

- *Momentos estelares da ciencia, Isaac Asimov*

Outros libros fóra do catálogo da biblioteca recomendados:

- *Historias de los inventos. Relatos de tecnología, Miguel de Vicente*
- *Aprende electrónica e robótica educativa, Miguel Roberto Montero*
- *El Bosón de Higgs no te va a hacer la cama, Javier Santaolalla*

6. FÍSICA E QUÍMICA:

Dadas as características desta materia é imprescindible dedicar tempo a que entendan as distintas definicións e interpreten adecuadamente os enunciados dos exercicios, buscando as relacións coas diferentes leis estudadas.

O libro de texto utilizado trae ao final de cada unidade unha pequena lectura que serve para incidir na competencia da comprensión lectora, xa que estes textos están adaptados ao nivel de coñecemento do alumnado.

As actividades tanto teóricas como prácticas que trae o libro de texto ao final de cada tema serven tamén para facilitar a comprensión do texto, identificar as ideas principais, relacionalas entre si e sintetizar e elaborar ideas máis xerais.

Cada avaliación deberán facer un traballo, polo que será necesario que utilicen diversas fontes bibliográficas e webgrafía para a súa realización.

Cada alumno e alumna deberá ler un libro sobre o que realizará un traballo escrito no primeiro trimestre ou unha proba escrita nunha clase da materia. Para iso contan cos fondos da biblioteca do centro. Aínda que esta actividade está pensada para que o alumnado a realice na casa, en ocasións poderán comentarse na aula algúns aspectos que permitan unha mellor comprensión da obra.

Este proxecto tratará de garantir a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas. A lectura comprensiva esixe un traballo progresivo e continuado. Traballarase con textos, con gráficos, con noticias nos xornais, sempre de carácter científico, tanto en soporte impreso como electrónico.

Os libros recomendados son os seguintes:

2º ESO

- *La clave secreta del universo*. Autores: Lucy y Stephen Hawking
- *El desván de Tesla*. Autores: Eric Elfman y Neal Shusterman
- *Los grillos son un termómetro*. Autor: Mario Picazo

3º ESO

- *¡Física sí! La Física está en lo cotidiano*. Autor: Miguel Ángel Queiruga Dios
- *El rayo azul*. Autor: Vicente Muñoz Puelles
- *Steam fan. El galeón de oro*. Autor: David Blanco Laserna

4º ESO

- *La puerta de los tres cerrojos*. Autora: Sonia Fernández – Vidal
- *La zona envenenada*. Autor: Arthur Conan Doyle
- *La medida de todas las cosas*. Autor: Ken Alder

1º BACHARELATO

- *Un científico en el supermercado*. Autor: José Manuel López Nicolás
- *La física de los superheroes*. Autor: James Kakallos
- *La teoría del todo. El origen y el destino del universo*. Autor: Stephen Hawking

2º BACHARELATO, QUÍMICA

- *En busca del gato de Schrödinger*. Autor: John Gribbin
- *Breve historia de la Química*. Autor: Isaac Asimov

2º BACHARELATO, FÍSICA

- *La partícula divina. Si el Universo es la respuesta. ¿Cuál es la pregunta?* Autores: Leon Lederman y Dick Teresi
- *El origen del universo*. Autores: Lucy y Stephen Hawking

7. BIOLOGÍA E XEOLOXÍA:

Como non pode ser doutro xeito, o plan lector do centro é a nosa guía de actuación. Así pois, a lectura comprensiva de textos, de diferentes graos de dificultade, a presentación de traballos escritos, o traballo sobre vocabulario, a correcta expresión oral e escrita á hora de expoñer unha cuestión, etc. son parte integrante da nosa actividade diaria. Cada profesor, tendo en conta o curso e o nivel do alumnado, poderá aconsellarlle libros de entre esta lista de títulos de divulgación científica:

- *El Pulgar del Panda*.- Stephen Gould
- *Mi familia y otros animales*.- Gerald Durrell
- *Tectónica de placas*.- J.F. Jordá
- *El Universo*.- I. Asimov

- *Vida Maravillosa*.- Stephen Gould
- *El electrón es zurdo y otros ensayos*.- Asimov
- *Agujeros negros y pequeños universos*.- Stephen Hawking
- *El secreto de la vida*.- James D. Watson
- *El viaje de Beagle*.- Charles Darwin
- *Los sabuesos de Bafut*.- Gerald Durrell
- *La vida inmortal de Henrietta Lakes*.- Rebecca Skloot
- *Ciencia próxima*.- Xosé A. Fraga
- *El diario amarillo de Carlota*.- Gema Lienas
- *Cómo explicar genética con un dragón mutante*.- Big Van, Alfaguar

8. ECONOMÍA:

Nas clases de Economía utilizan artigos de prensa. Empregan algún libro só en fragmentos e do material do que se dispón no departamento. O tempo adicado é dunha hora cada quince días, máis ou menos, cando se remata cun tema. Un día á semana van á aula de informática consultando páxinas da materia e respondendo cuestionarios. Os libros de divulgación xeral sobre Economía, aínda non estando pensados para economistas, resúltanlles difíciles.

Libros recomendados:

- *El economista camuflado: la economía de las pequeñas cosas*. Tim Hardord
- *El vendedor de tiempo: una sátira sobre el sistema económico*. Fernando Trías de Bes *Fast Food*.- Eric Schlosser
- *Indignaos*.- Stéphane Hessel
- *Homo economicus*.- Anxo Penalonga
- *La semana laboral de 4 horas*. Timothy Ferriss
- *Economía en ½ hora*.- Sande y Calvo (cómic)
- *¿Quién se ha llevado mi queso?*.- Spencer Johnson
- *Despilfarro: el escándalo global de la comida*.

9. XEOGRAFÍA E HISTORIA:

Ao longo do curso coa finalidade de promover a comprensión de lectura e do

uso da información así como a expresión oral e escrita o profesorado de Xeografía e Historia leva a cabo actividades en consonancia co Proxecto lector do centro coordinado pola Biblioteca:

En 1º e 2º de ESO: coa lectura de textos sobre as diferentes épocas históricas obxecto de estudo e coa lectura de artigos de prensa con temas da vida diaria que teñan relación cos temas estudados a través das diferentes unidades. Ademais, pensado para o alumnado que teña interese na ampliación de información concreta sobre os fenómenos xeográficos e períodos históricos traballados na aula, propónselles unha serie de libros para a consulta e realización de pequenas investigacións que deben ser entregados ao profesor para posteriormente expoñer en clase.

En 3º da ESO ademais dos textos que se achegan como complementarios, trabállase coa prensa co fin de seleccionar, ler e comentar as noticias que teñan relación cos fenómenos e procesos xeográficos estudados na aula. As noticias e comentarios deben ser entregados ao profesor para posteriormente expoñer e debater en clase. Haberá lecturas de narrativa de contido xeográfico e histórico, da cal terán que realizar un traballo a entregar ao final dunha das avaliacións, dependendo da temática elixida, para posteriormente expoñer en clase.

En 4º da ESO ademais dos textos complementarios comezamos a traballar máis con documentos históricos básicos que, na súa maioría corresponden a fontes primarias e continuarase traballando coa prensa. Haberá lecturas de narrativa histórica, da cal terán que realizar un traballo a entregar ao final dunha das avaliacións, dependendo da temática elixida, para posteriormente expoñer en clase.

No caso do **Bacharelato**, a lectura, cun nivel de maior profundización, refírese a numerosos documentos históricos e xeográficos que, na súa maioría corresponden a fontes primarias.

Lista de **lecturas organizadas por épocas históricas** nas páxinas web de profesores do departamento:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesmontemoas/node/1323>

10. DEBUXO:

Ao longo de todo o curso, e en todos os temas, faranse lectura e comprensión das imaxes nos seus diferentes tratamentos ao longo do temario, incidindo nuns casos na comprensión da imaxe propiamente dita e noutros, na elaboración delas partindo da comprensión e aplicación dos conceptos sobre os elementos que constitúen tanto a comunicación visual como os que forman as propias imaxes no seu aspecto formal e técnico. Farase especial fincapé na lectura dirixida ao desenvolvemento da visión espacial e da proporción, así como a potenciación da creatividade buscando diferentes solucións ás imaxes propostas. Achegarase á Biblioteca do centro unha relación de libros de apoio e consulta para mellorar estas capacidades.

CURSO	TÍTULO	AUTOR
1º ESO EPVA	<i>Aprender a dibujar y pintar</i>	Balui José Luis Oñate
3º ESO EPVA	<i>La invención de Hugo Cabret</i> <i>Como se hace un cómic</i>	Brian Selznick Scott McCloud
4º ESO EPVA	<i>El ojo del fotógrafo</i> <i>Luis Seoane</i> <i>¿Cómo nacen los objetos?</i>	Michael Freeman C. Otero Vázquez (varios libros e catálogos da Biblioteca) Bruno Munari
1º BACH DEBUXO TÉCNICO	Planilandia <i>La catedral del fin del mundo.</i> <i>Una historia dibujada.</i>	Edwin A. Abbott Arturo Franco Taboada
2º BACH DEBUXO TÉCNICO	Dibujo y Proyecto Geometría paso a paso	Francis D.K. Ching Álvaro Redón Gómez

11. EDUCACIÓN FÍSICA:

A lectura e a escritura está presente nas clases teóricas da materia, na que se len e comentan textos relacionados co deporte e cos hábitos de vida saudable. Lése prensa, revistas especializadas e recoméndanse lecturas como as seguintes:

1º ESO**Para pasar un bo anaco:**

- *Kika, superbruxa tola polo fútbol*

Para ampliar coñecementos:

- “OS XOGOS POPULARES E OS DEPORTES TRADICIONAIS”

Terán que elixir un para realizalo na clase de Educación Física.

2º ESO

En colaboración cos departamentos de linguas (castelá e galega), elixiranse textos que o alumnado poida representar na clase de Educación Física.

O propio alumnado poderá achegar aquel libro que máis lle gustou e que se pode representar na clase.

3º E 4º ESO

PRENSA e artigos en revistas especializadas.

Procura e lectura daqueles artigos relacionados coa saúde e o deporte.

12. FRANCÉS:

Séguese as directrices marcadas polo Plan Lector do centro. Lectura na aula e na casa de libros adaptados cos alumnos de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO e manexo de dicionarios bilingües e monolingües a disposición do alumnado na biblioteca.

O alumnado escolle as lecturas graduadas acordes ao seu nivel entre os fondos ofertados pola biblioteca, así como poderá consultar revistas en francés na biblioteca para o seu disfrute.

13. INGLÉS:

O plan anual de lectura e o Proxecto Lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios. Con esta finalidade empregaranse, cun enfoque funcional, as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos

destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballaranse con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora. Fomentarase a lectura como unha forma de divertimento máis. As actividades que irá levando a cabo este Departamento en relación co Proxecto Lector:

- Proposta de lecturas voluntarias no terceiro trimestre acompañada dunha tarefa. A tarefa consistirá nun traballo de comprensión, interpretación, análise e de opinión da lectura. O cualificación da tarefa poderá engadir ata 1 punto á avaliación final da ESO.
- Lectura mínima diaria de 15 minutos e de textos de moi variado tipo: artigos de revistas ou periódicos, páxinas web, fragmentos de textos literarios, anuncios, etc.
- Valoración de lecturas voluntarias, expostas nas aulas con comentarios orais.
- Visita á biblioteca do centro para realización dalgún traballo, previamente deseñado na clase, e sobre o que terán que buscar información.
- Promoción do uso da biblioteca para a lectura dalgunha obra literaria, cómic, revista, etc.
- Promoción da participación en todas as actividades deseñadas pola biblioteca: concursos literarios, de debuxo, club de lectura...
- Reforzo da idea de que a lectura aporta beneficios non so a nivel educativo, (unha persoa que le en inglés asimila unha grande cantidade de lingua facendo que melloren a súas producións orais e escritas) senón tamén a nivel persoal.

Non haberá lecturas obrigatorias pero promocionarase a lectura voluntaria de textos existentes na biblioteca adaptados ao nivel do alumnado.

No primeiro curso da ESO o alumnado aprenderá o uso e manexo dos dicionarios na aula e /ou na biblioteca.

Lectura de artigos e reportaxes (prensa e revistas) relacionados cos temas das unidades didácticas e con temas da vida diaria que teñan relación cos temas estudados a través das diferentes unidades.

Recomendacións de English Book readers por nivel:

1º ESO

- *The Big Story*, John Scott, OUP- Level: Starter
- *John Doe*, Antoinette Moses, Cambridge Level 1
- *Sherlock Holmes, The Case of the Blue Diamond*, Arthur Conan Doyle, Ed. Oxford Dominoes 1

2º ESO

- *Rip Van Winkle and the Legend of Sleepy Hollow*, Washington Irving, Ed. Vicens lives (The Black Cat) Step 1 A2
- *The Secret Garden*, Frances Hodgson Burnett, Ed. Vicens lives (The Black Cat). Step 1 A2
- *The Anti-Bully Squad*, Rick Sampedro, Helbling Languages A2

3º ESO

- *Madame Doubtfire*, Ann Fine, Ed. Burlington Books Level 3º ESO
- *The Mind Gap*, David Morrison, Ed Cambridge Level 3
- *Dracula*, Bram Stoker, Ed. Heinemann Intermediate

4º ESO

- *Running Wild*, Margaret Johnson, Ed. Cambridge Lower Intermediate
- *Double Cross*, Philip Prowse, Ed Cambridge English Readers Level 3
- *Tales of Mystery and Imagination*, Edgar Allan Poe, Ed. Longman/ Oxford Bookworm. Level 3
- *Love Actually*, Richard Curtis, Ed. Penguin Level 4

1º BAC

- *Knife Edge*, Malorie Blackman, Ed. Penguin Level 4

- *Dr Jekyll & Mr. Hyde*, Robert Louis Stevenson, Ed. Oxford Level 4

- *About a Boy*, Nick Hornby, Ed. Penguin Readers Level 4

14. PORTUGUÉS:

Nos niveis de 1º e 2º ESO traballárase con diferentes libros, especialmente libro informativo para que o alumnado se vaia familiarizando coa lectura de diferentes temas e xéneros en portugués.

No nivel de 3º e 4º ESO xa lerán obras de ficción, especialmente narrativa, a partir da segunda avaliación.

LISTAXE DE OBRAS

2ª Avaliación: *O meu pé de laranja lima* de José Mauro de Vasconcelos

3ª Avaliación: obra narrativa por decidir.

15. LATÍN e GREGO:

O desenvolvemento das capacidades lingüísticas e o fomento da lectura son obxectivos de primeira orde na formación do alumnado. Dende o departamento de Latín e Grego pretendemos reforzar os hábitos lectores como *conditio sine qua non* para ser efectivos aproveitando a aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. Buscaremos a participación no Plan Lector favorecendo a lectura a partir dun abano variado de textos gregos e latinos traducidos e asemade autores modernos en lingua galega e castelá.

A lectura sempre foi considerada un instrumento fundamental de acceso ao progreso social, cultural e económico. Na sociedade actual, caracterizada como sociedade da información e do coñecemento, a lectura cobra maior dimensión, relevancia e valor a medida que o texto escrito se vai incorporando a outros usos, medios e recursos, a través dos medios de comunicación de masas, as novas tecnoloxías da información e da comunicación oral. Desde este departamento consideramos que é clave realizar lecturas de contido temático diverso, pero vencelladas ao mundo clásico. Propoñemos as seguintes, adecuadas ás materias impartidas este curso 23/24:

LATÍN 4º ESO:

- Penelope Lively, **En busca de una patria. La historia de La Eneida, de Virgilio.** Clásicos Adaptados. Editorial Vicens-Vives.
- **Las metamorfosis, de Ovidio.** Editorial Anaya. Clásicos a medida.
- Lola Gándara, **Guárdate de los Idus.** Editorial SM.
- Irene Vallejo, **El silbido del arquero.** Editorial Contraseña.
- Cómic **Astérix**, de René Goscinny e Albert Uderzo.

LATÍN 1º BACH:

- Plauto: **Miles Gloriosus.**
- Rosemary Stucliff, **El águila de la novena legión.** Plataforma Editorial.
- Lindsey Davis, **La plata de Britania.** Inicio da serie que pode ser leída a continuación.
- Marguerite Yourcenar, **Memorias de Adriano.**

GREGO 1º BACH

- Homero, **Odisea e Iliada** (cantos concretos)
- Aristófanes, **Lisístrata.**
- Sófocles, **Antígona.**
- Robert Graves, **Los mitos griegos.**
- Safo, **Poemas.**

LATÍN 2º BACH:

- Horacio, **Odas.**
- Ovidio, **Metamorfosis.**
- **Virgilio, Eneida.**

15. MATEMÁTICAS:

O Departamento de matemáticas contribúe ao plan lector, facendo unha especial énfase na comprensión dos enunciados dos problemas, así como a comprensión das definicións e os conceptos utilizados na materia obxecto de estudo.

Ademais cada profesor pode, se o considera oportuno, recomendar ao seu

alumnado a lectura de libros, tales como:

1º E 2º ESO:

- FRABETTI, Carlo. El palacio de las cien puertas. Alfaguara
- FRABETTI, Carlo. Malditas matemáticas. Alicia en el país de los números. Alfaguara
- MOLINA, María Isabel. El señor del cero. Alfaguara
- YAIZA, Alicia. Mi amigo Pitágoras. Createspace

3º E 4º de ESO:

- SIERRA I FABRA, Jordi. El asesinato del profesor de matemáticas. Anaya
- TAHAN, Malva. El hombre que calculaba. Ed. Nuevo Extremo.
- SINGH. Simón. Los Simpson y las matemáticas. Ariel, colección clave
- YOKO, Ogawa. La fórmula preferida do profesor. Funambulista

16. MÚSICA:

Séguese as directrices marcadas polo Plan Lector do Centro. Foméntase que o alumnado acuda á Biblioteca do centro para resolver dúbidas, ampliar coñecementos e realizar traballos de clase.

As clases iníciáanse preguntándolle ao alumnado se escoitou ou leu algo relacionado coa música e coméntanse as noticias importantes. Con isto preténdese fomentar o seu interese polos medios de prensa.

Nos cursos de 2º e 3º de ESO o alumnado debe realizar obrigatoriamente un traballo, aínda que pode realizar outro voluntario. Unha das modalidades é a lectura dun libro relacionado coa música (unha novela tipo *El joven Lennon, El violín de Auschwitz, Nacidos para la música*, etc., todas elas presentes na biblioteca do centro) e posterior comentario. E outro modelo é un traballo teórico a partir de material tomado de internet ou dos libros da Biblioteca.

En Bacharelato manéxanse en case todas as clases materiais impresos relacionados coa música, normalmente sen adaptacións pedagóxicas, de modo que se incorporen a un consumo musical 'adulto'. O uso da biblioteca do centro é

principalmente autónomo, non dirixido, excepto que o alumnado pida axuda concreta. Ademais algunhas clases da materia danse na propia biblioteca para aproveitar os medios que esta proporciona.

17. RELIXIÓN CATÓLICA:

O Departamento de relixión contribúe ao plan lector facendo unha especial énfase na lectura, comprensión e comentario de textos variados. Foméntase que o alumnado acuda á Biblioteca do centro para investigar e realizar traballos de clase.

- *El viaje de Teo*- Catherine Clément
- *Historia da Igrexa Galega*- José García Oro y otros
- *Cien rostros de Cristo*- Clemente Arranz Enjuto
- *Francisco El Buenagente*- Cortés

18. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

A gran diversidade do alumnado que escolarizamos no noso centro, esixe implementar medidas que faciliten a integración e a inclusión de todo o alumnado, procurando un clima de convivencia no que se respeten todas as diferencias individuais, ao mesmo tempo que se fomenta a solución pacífica de conflitos.

Obxectivos que se perseguen nesta actuación.

- Facilitar a integración no centro de todo o alumnado, evitando situacións de discriminación.
- Prevención do acoso escolar.
- Educar en igualdade e no respecto polas diferencias individuais.
- Mellorar o clima de convivencia do centro.
- Coordinar e incardinar no centro as actividades de biblioteca e o Plan Lector coas actividades do Departamento de orientación e o Plan de Acción Titorial, actividades de mellora da convivencia e educación en igualdade.

Medidas concretas que se van desenvolver.

- Desenvolver nas titorías de ESO programas e actividades específicas para mellorar as habilidades sociais do alumnado.
- Desenvolver actividades de sensibilización (igualdade de dereitos, prevención do acoso escolar, respecto ás diferencias individuais) con apoio de recursos visuais, bibliografía específica seleccionada para cada temática e os traballos elaborados polos propios alumnos. Estas actividades desenvolveranse nas horas de titoría.
- Difusión a nivel de centro e familias, con dípticos informativos, carteis... elaborados polo alumnado nas horas de titoría e contando co recurso da Biblioteca do centro. Estas actividades de difusión terán a finalidade de implicar a comunidade educativa na mellora da convivencia e a formación en igualdade.

Profesorado implicado e recursos materiais.

- Titores de ESO e equipos docentes, baixo a coordinación da orientadora e co apoio do profesorado PT.
- Equipo de biblioteca.
- A biblioteca como recurso: **para asesorar e axudar a seleccionar** recursos visuais (películas, vídeos...), libros e material didáctico para desenvolver as actividades de sensibilización e formativas sobre prevención de acoso, respecto polas diferencias individuais e a non discriminación.

Trataremos de integrar as actuacións do **Plan de Acción Titorial** e o **Plan Lector, coordinando** as actividades propostas dun xeito transversal, no que teñan cabida os diferentes departamentos didácticos e que impliquen a todos os niveis educativos, coa finalidade de favorecer a posta en práctica diaria dos valores democráticos que tratamos de desenvolver con estas actividades educativas.

En definitiva, traballaremos neste curso para adecuar as peticións dos diversos departamentos didácticos aos fondos da nosa biblioteca, na medida do posible, para que poidan desenvolver coa meirande efectividade os seus plans individuais de fomento da lectura.

4. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

OBXECTIVOS XERAIS

Algúns destes obxectivos deben ser entendidos a medio e longo prazo, xa que o centro está en constante renovación e o traballo desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega depende da integración e da implicación de diferente profesorado, alumnado e persoal non docente, e os propios ritmos dun curso escolar e a carga horaria dos membros do equipo, que coincide co de Biblioteca ás veces impiden dedicarlle tempo ao deseño e posta en marcha das actividades previstas desde el.

- Conseguir un cambio de imaxe que permita acadar cotas máis altas de prestixio para a lingua galega.
- Consolidar actitudes favorables cara á lingua galega entre o alumnado, profesorado e persoal non docente.
- Coordinación entre o EDLG e a Biblioteca para a adquisición e difusión de material en galego así como a realización de distintas actividades conmemorativas e de deseño de animación á lectura, creación artística, visitas culturais e/ou didácticas, etc.
- Dar a coñecer as distintas manifestacións culturais de Galicia e a súa historia. Informar o alumnado de todas as novidades culturais: literarias, audiovisuais, teatrais, musicais, etc que vaian xurdindo ao longo do curso, nomeadamente na cidade da Coruña para que poidan saber delas e participar na interesante vida cultural que ofrece a nosa cidade.
- Determinar a situación lingüística do centro recollendo periodicamente información de toda a comunidade educativa a través de enquisas anónimas.
- Establecer un taboleiro permanente (físico no centro e virtual dentro do blog conxunto de biblioteca e EDLG) para recoller e espallar entre o profesorado e o alumnado, así como entre os restantes membros da comunidade educativa, todas aquelas novas que supoñan un avance na recuperación do prestixio social da lingua.

- Estender e optimizar o uso da lingua galega no centro educativo facendo moito fincapé na mellora da expresión oral, que é o que máis lle custa ao noso alumnado.
- Facer reflexionar ao alumnado que sinta un rexeitamento e teña grandes e graves prexuízos cara á nosa lingua para que estean dispostos a mudar este posicionamento negativo.
- Fomentar a creatividade e a participación en todas as actividades propostas polo Equipo de Dinamización Lingüística e a Biblioteca: concursos artísticos e literarios do Samaín, Mes do Libro, Mes das Letras, etc.
- Fomentar a elaboración de vídeos, booktubers, booktrailers e curtametraxes en galego.
- Fomentar o traballo e o esforzo conxunto entre toda a comunidade educativa na defensa, valoración e promoción da lingua galega.
- Fomentar o traballo interdisciplinar, traballando conxuntamente coa Biblioteca e na renovación do Plan Dixital do centro.
- Fomentar o uso das TIC empregando o galego.
- Implicar a todos os axentes escolares neste proceso.
- Impulsar e apoiar a formación de grupos de teatro, musicais, deportivos, clubs de lectura, etc., que desenvolvan a súa actividade en galego.
- Incidir na consideración da lingua galega como ferramenta útil e eficaz máis alá do ámbito escolar.
- Incidir na realidade lingüística do alumnado, evidenciando as posibles carencias e procurando unha implicación consciente na recuperación da lingua galega.
- Interactuar e achegar a lingua á realidade cultural e social do alumnado, facendo que toda a comunidade educativa colabore na defensa e valoración da lingua galega.
- Lograr que o alumnado que ten o galego como lingua habitual poida manter a súa lingua e consolidar unha competencia plena nela e que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira unha boa competencia en galego, de tal maneira que se favorezan os contextos en que se exprese nela.

- Manter e promover relacións abertas co concello, asociacións veciñais, bibliotecas municipais, especialmente a do Castrillón, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega ou bibliotecas escolares.
- Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa e lembrar a obriga de impartir en lingua galega as materias que marca a lexislación para poder asegurar que o alumnado adquira unha boa competencia nas dúas linguas ao rematar a súa etapa educativa.
- Prestarlles atención especial a todos aquelas novidades de produtos en lingua galega relacionados coas TIC.
- Promocionar as festas tradicionais galegas: Samaín, Nadal, festas do barrio, Candeloria, Entroido, Letras Galegas, San Xoán, etc.
- Promocionar as páxinas web en galego con todo tipo de materias e temas e diversos blogs que demostran a forza da nosa lingua na Rede.
- Proporcionarlle ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos (lexicográficos e terminolóxicos) e pedagóxicos existentes, que permitan un incremento da docencia en lingua galega.
- Realizar charlas de todo tipo (con escritores/as, con sociolingüistas, ilustradores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, con persoeiros relevantes da escena (que empreguen o galego na súa profesión, etc) para promover a utilización social da lingua e a divulgación da nosa cultura.
- Tentar influír no alumnado para que sexan eles mesmos os que traballen na normalización da situación do galego e na corrección dos prexuizos cara á nosa lingua. Trátase de educar falantes conscientes e comprometidos, dispostos a actuar sempre na defensa, valoración e promoción da nosa lingua.
- Ter ben dotada a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula de libros, revistas, banda deseñada, álbum ilustrado... en galego tanto en formato convencional como en soporte dixital fomentando o seu uso e a súa lectura.
- Ter ben dotada de materiais audiovisuais a fonoteca e a mediateca do centro (CD, DVD, etc), de xeito que o alumnado coñeza a riqueza das producións feitas en galego. Se non temos fondos para adquirir fisicamente novidades

deste tipo, tentarase mostralas nas clases ou deseñar boletíns en diferente formato e publicitalas a través de medios dixitais.

- Traballar que o alumnado que ten o galego como lingua habitual poida manter a súa lingua e consolidar unha competencia plena nela e que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquiera unha boa competencia en galego, de tal maneira que se favorezan os contextos en que se exprese nela.
- Utilizar todo aquel material en galego que, ademais do seu carácter formativo, contribúa a facer desaparecer os prexuízos: vídeos, cancións, películas, publicacións impresas, etc.
- Visibilizar as accións do EDLG fóra dos muros do centro, especialmente a través da páxina web do centro, dos blogs da biblioteca, Club de Lectura e dos blogs do Departamento de Lingua Galega.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

A. Coa contorna sociolingüística do centro

- Desmontar prexuízos arredor da lingua e prestixiala en todos os eidos da vida social.
- Manter unha colaboración aberta e participativa coas institucións da contorna (Concello da Coruña, Deputación da Coruña, bibliotecas municipais da Coruña, nomeadamente a do barrio do Castrillón e do Fórum Metropolitano, bibliotecas escolares, ANPA e asociacións veciñais e sociais e culturais da contorna).
- Pór á disposición da comunidade educativa ferramentas dixitais en galego.
- **Promover actividades lúdicas e de** colaboración cos outros centros educativos e culturais da zona e mesmo actividades de intercambio con outros centros educativos da contorna.

B. Co centro educativo

- Colaborar cos distintos departamentos e equipos de traballo na execución de actividades que teñan como obxectivo a promoción da lingua e cultura galega, así como na procura dos materiais necesarios para tal fin.

- Colaborar estreitamente coa Biblioteca e con Vicedirección na organización de actividades extraescolares, cos clubs de lectura e co Grupo de Teatro estable e consolidado no centro desde hai xa moitos cursos.
- Dar a coñecer a figura do homenaxeado nas Letras Galegas, a poeta coruñesa **LUÍSA VILLALTA**, a través de actividades específicas de divulgación (documentais, exposicións, xincanas...). Tendo en conta que é da nosa cidade tentaremos facer algún roteiro arredor da súa figura.
- Dar publicidade aos distintos certames, concursos, cursos...a través da páxina web do centro, dos blogs ou no Taboleiro da Lingua.
- Diseñar actividades concretas encamiñadas á promoción do uso do galego en todos os ámbitos: exposicións, concursos, visionado de filmes, saídas culturais, saídas ao teatro, etc. Durante o primeiro trimestre nos niveis de 3º ESO e 1º Bach traballaremos nas aulas cunha actividade arredor da literatura medieval baseándonos nunha unidade didáctica deseñada polo músico Xoán Curiel que ofrecerá en xaneiro un concerto no centro para o alumnado deses niveis (de colleren todos no Salón de Actos).
- Difundir a través do blogue conxunto de EDLG e Biblioteca (<http://bibliomoas.blogspot.com/>), recursos didácticos publicados na rede sobre as distintas conmemoracións ao longo do curso académico.
Dinamizar o uso e desfrute da Biblioteca dando a coñecer as novidades publicadas en lingua galega. A Biblioteca do noso centro está dentro do **Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares** desde hai algúns anos grazas, en grande parte, á estreita **colaboración interdepartamental e ao traballo colaborativo entre** os membros do **EDLG e os membros do Equipo da Biblioteca**. Neste sentido, un dos obxectivos prioritarios para o curso segue a ser o traballo coordinado entre os dous equipos para continuar na senda dos éxitos logrados e animar á lectura en galego. Tendo en conta o bo funcionamento dese traballo colaborativo,

continuarase con esa coordinación e acción conxuntas e coordinadas tamén con algunhas actividades extraescolares.

- Fomentar o emprego do galego aplicado ás **TIC** e á **Ciencia** e divulgación de materiais de apoio en galego. Celebrarase no posible o Mes da Ciencia en Galego, tentando a colaboración dos diferentes departamentos científicos.
- Está acordada unha actividade conxunta co Departamento de Bioloxía na que un grupo de 1º de Bacharelato asistirá desde a aula a unha videoconferencia organizada por Igaciencia e difundida na súa canle de youtube impartida polo doutor Francisco Javier de Toro Santos, xefe de Servizo de Reumatoloxía do CHUAC e vicepresidente do colexio de Médicos da provincia da Coruña o día 17 de novembro ás 12:00.
- Potenciar e divulgar a banda deseñada en galego como maneira de aprender pasándoo ben. Deste xeito, o EDLG participará activamente no desenvolvemento da lectura deste tipo de libros. Faranse exposicións na biblioteca de cómic e nos corredores do centro mostraremos os que fixeron eles. Ademais este ano cobra máis sentido porque a Asesoría de Bibliotecas recolle no seu lema o de **“Unha biblioteca escolar en Viñetas”** e tentaremos vincular os proxectos arredor deste tema e do **PDI das Viaxes** que se propuxo desde a biblioteca.
- Achegar recursos lingüísticos para o claustro.
- Elaboración e disfusión de glosarios, correctores, etc.

C. Co alumnado

- Consolidar a plena competencia en lingua galega garantindo que non se abandone e se reforce na práctica oral e que se utilice con normalidade en todas as prácticas escritas.
- Elaboración e difusión de glosarios, correctores, etc.
- Fomentar a creación de novos ámbitos de uso que favorezan a utilización da lingua dentro e fóra das aulas.

- Fomentar no alumnado a lectura en galego implicándose no Proxecto Lector do Centro e nos diferentes Clubs de Lectura interdepartamentais que organiza o Equipo de Biblioteca.
- Impulsar a participación do alumnado da ESO nas actividades que o centro desenvolva, fundamentalmente naquelas nas que o EDLG teña unha implicación directa.
- Potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores para que poidan empaparse do universo cultural que atesouran e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.
- Provocar que o alumnado coñeza opcións de lecer en galego: banda deseñada, cinema, música, etc., dando publicidade ás novidades nos taboleiros da Biblioteca e do EDLG. Este curso en especial do cine xa que se vai incluír tamén un Club de Cine.
- Tentar que o alumnado asuma a tarefa dinamizadora da lingua como algo propio e se implique dun xeito directo na realización e organización das actividades e non sexa, polo tanto, simple receptor. Tentarase implicar o alumnado para crear un equipo estable de voluntariado dinamizador do fomento de uso da lingua galega no centro.
- Crear un equipo de alumnado colaborador coas actividades do EDLG.

ACTIVIDADES CONCRETAS

Para isto temos previstas as actividades que a continuación se detallan, que poderán variar dependendo da oferta de actividades e colaboracións que vaian xurdindo ao longo do curso:

- Subscricións a revistas e publicacións en galego: Xornal Papagaio, Xornal Nós (de existir financiamento), Código Cero.
- Dotación de libros en todos os xéneros, cd, DVD e listaxes en Spotify para difundir a música en lingua galega.
- Xestión dun taboleiro permanente da Lingua Galega no blog e fisicamente nos corredores do centro e/ou da biblioteca.

- Colaboración estreita co Club de Lectura na selección de lecturas ou filmes en galego.
- Celebración do Día Europeo das Linguas
- Elaboración dunha selección de lecturas en lingua galega de autoría feminina para celebrar o Día das Escritoras 2023 centrándonos especialmente nas escritoras contemporáneas galegas.
- Promoción de concursos para a celebración do Samaín.
- Celebración do Mes da Ciencia en Galego en colaboración cos departamentos de Ciencias, Matemáticas e Tecnoloxía.
- Deseño de actividades encamiñadas á concienciación da reivindicación do 25N. Día contra a violencia de xénero.
- Promoción de concursos ou actividades creativas arredor do Nadal. Elaboración de recomendacións de lectura, música ou cinema en lingua galega para o período de lecer deste mes de decembro. E continuar co concurso de postais de Nadal multilingüe que se organizou no curso pasado.
- Celebración do Día da Paz e da Ilustración durante o mes de xaneiro.
- Impulsar a celebración da Candeloria durante o mes de febreiro a través de concursos ou actividades creativas no centro.
- Celebración do Día Internacional da Lingua Materna.
- Colaboración cos departamentos de Ciencias e de Tecnoloxía na visibilización do Día da muller e da nena na Ciencia no mes de febreiro.
- Celebración do Día de Rosalía de Castro e Día da Internet o 24 de febreiro.
- Impulsar o coñecemento das tradicións do Entroido e deseñar concursos ou actividades creativas nesta festa.
- Reinvidicar a figura da muller na celebración do 8M.
- Impulsar actividades que sirvan para conmemorar o Mes do Libro en abril e o Mes das Letras Galegas en maio.
- Elaborar boletíns de recomendacións lectoras en lingua galega ao longo de todo o curso.

- Colaborar co deseño de exposicións no propio centro: exposicións temáticas, exposicións xurdidas de traballo, concursos ou proxectos nos que participe o alumnado e coordinados desde os diferentes departamentos.
- Organizar e colaborar na realización das actividades extraescolares do centro, nomeadamente as organizadas polo Departamento de Lingua Galega e da biblioteca: posible intercambio con alumnado doutros centros educativos, visitas á Casa de Rosalía e de Manuel Antonio, visitas ao Parlamento galego e/ou outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso e das que sexa posible financiar a súa realización acordada coa Vicedirección do centro.
- Edición da revista do EDLG do instituto, [O Son Rebuldeiro](#) que se editará en formato dixital e/ou papel (de existir fondos)

FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES

Debido á diminución das partidas orzamentarias dispoñibles no noso centro educativo para a dinamización das actividades de EDLG, tentarase, como xa se vén facendo nos cursos anteriores e na medida do posible, desenvolver actividades conxuntas coa Biblioteca e cos diferentes departamentos didácticos. Serán prioritariamente actividades con escaso custo, desenvolvidas en formato dixital, con material funxible que achegue o alumnado ou practicamente a custo cero.

O proxecto solicítase en xaneiro e a tardanza na súa resolución por parte da SXPL dificulta enormemente o desenvolvemento das actividades do primeiro e segundo trimestre.

Do mesmo modo, se houberse financiamento e se realizasen saídas e/ou visitas didácticas ou roteiros culturais, literarios ou artísticos, sería de xeito interdepartamental e respectando os acordos tomados nos claustros e na CCP. Priorizarase como en cursos anteriores, a edición dixital da revista **O Son Rebuldeiro** que se leva editando no noso centro case ininterrompidamente desde comezos dos anos 90. Procurarase o abaratamento na edición física das

exposicións que tradicionalmente se desenvolven conxuntamente desde a biblioteca e o EDLG no centro na conmemoración de efemérides como o 25N, Día da Paz ou 8M.

EQUIPO DO EDLG

Coordinadora: Ana Isabel Martínez Fernández

Profesorado:

- Alonso Pica, Rafael (LCL e Grupo de Teatro)
- Cao Vázquez, Emilio (LGL)
- Carballal Durán, Francisco Xabier (Xeografía e Historia e Vicedirección)
- Carril Torreiro, Francisco (Xeografía e Historia)
- Fernández Iglesias, Margarita (LCL)
- Gay Sánchez, Sonia (Bioloxía e Xeoloxía)
- Gondell Delgado, Yolanda (Inglés)
- González Díaz, María del Carmen (LCL)
- Hermida Pico, Mar (LGL)
- Mosquera Lendoiro, Matilde (LGL)
- Pérez González, Mercedes (Matemáticas)
- Zapico Barbeito, Pilar (LGL)

Persoal non docente

- Brañas Gómez, Anxo
- Fuciños Calle, Anxos
- Rilo Rodríguez, Ana

Alumnado colaborador

- Bergondo García, Mencía
- Canosa Muñoz, Antonio
- Collazo Barcia, Daniel
- Iglesias Duarte, Mateo
- López Viñán, Dana
- Otero López, Ainhoa

E pode haber máis incorporacións ao longo do curso xa que o voluntariado de biblioteca se implica en todas as actividades que se desenvolven e por parte do profesorado pode haber actividades conxuntas ao longo de todo o curso escolar.

5. PROXECTO LECTOR. CLUB DE LECTURA

5.1. Proxecto lector do centro

INTRODUCCIÓN

Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de xuño que regula as ensinanzas da educación secundaria en Galicia, no seu artigo 38 sobre as Bibliotecas escolares e as lecturas indícase que:

“Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave”

No presente proxecto indicamos os procedementos e actividades que realizamos no noso centro para o fomento da lectura e escritura logo dunha profunda reflexión e avaliación das carencias do noso alumnado e profesorado de cara á extensión e promoción de actividades de lecto-escritura.

ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO

➤ Contexto socio-económico:

O IES Monte das Moas está situado nunha barriada periférica da cidade da Coruña con predominio de alumnos de procedencia socioeconómica medio-baixa e baixa pertencentes a familias cun nivel de formación nos límites do ensino medio e a formación profesional, se ben algunhas familias teñen formación superior. Existe poboación inmigrante crecente.

A nivel cultural, na contorna do barrio están os centros cívicos de Os Castros, Castrillón e de Eirís que contan con variados equipamentos, os cais temos en conta á hora de planificar as nosas actividades. Sabemos por referencias do noso alumnado, que o aproveitamento das bibliotecas públicas do Castrillón e Forum metropolitano, é en xeral alto polo que un dos nosos obxectivos é o da coordinación con elas, na medida do posible.

➤ **A nosa biblioteca. Recursos materiais e humanos.**

Contamos cunha superficie duns 90 metros cadrados na que dispomos do seguinte equipamento:

- Zona de lectura e traballo individual que fomos mellorando ao longo dos anos. A disposición das mesas varía dependendo das necesidades dos usuarios (clubs de lectura, traballo en grupo, etc.) ou das nosas (exposicións, charlas, etc.)
- Zona de préstamo e atención aos usuarios: Dúas mesas de costas ás ventás da parte traseira da biblioteca que fan de mesas de recepción cun ordenador de uso exclusivo do profesorado de garda, impresora e diverso material para realizar os préstamos e demais xestión da biblioteca.
- Zona de equipos informáticos: Contamos con cinco ordenadores con conexión a internet para uso dos usuarios da biblioteca.
- Mobiliario para os fondos documentais: Contamos con andeis abertos que recobren todas as paredes da biblioteca que se poden utilizar e, dado o pequeno tamaño da sala e a gran cantidade de material co que contamos, fornecemos o espazo central dunhas librerías en forma de corredores que conforman a zona de almacenamento da meirande parte dos fondos. Temos un caixón de devolucións, caixa de suxestións, pequenos expositores móbiles utilizados só para as exposicións, cortizo de anuncios e unha “pirámide” de novidades móbil así como unha sección de revistas e expositor de DVDs.
- Paneis informativos e espazo para exposicións na entrada do centro. A nosa biblioteca expándese polo centro nas ocasións en que facemos exposicións

sobre as distintas efemérides, traballos do alumnado ou concursos. Para iso contamos cun gran espazo expositivo instalado a carón da conserxería do centro. Ademais contamos con uns panéis móbiles de gran tamaño colocados no exterior da biblioteca, así como cabaletes situados na entrada principal do centro e da biblioteca.

- Zona de lecer: Dous sofás de costas aos andeis dedicados á banda deseñada e ao carón da pirámide de novidades máis unha mesa de centro con revisiteiro.
- Zona de xogos: Dispoñemos dun armario con diversos xogos educativos, dende xogos de mesa ata varios taboleiros de xadrez que o alumnado usa nos recreos e que está situado á beira da mesa de recepción. Planeamos crear un pequeno espazo para ludoteca nun espazo exterior próximo á sala de préstamo.
- Outros espazos xestionados dende a biblioteca:
 - x Blog da biblioteca: [BIBLIOMOAS](#)
 - x Blog do club de lectura : [LECTURAS REBULDEIRAS](#).
 - x Na entrada do centro compartimos un espazo para realizar as nosas exposicións, feiras e demais actividades relacionadas coa biblioteca.

Contamos cun equipo de biblioteca pertencentes a diversas materias educativas, sobre todo de letras. A biblioteca está sempre atendida nos recreos, hora de maior afluencia de alumnado, por membros do equipo e todos facemos labores de rexistro e de dinamización de actividades da biblioteca como especificaremos máis adiante.

➤ **Prácticas lectoras e escritoras do alumnado.**

Todas as materias de lingua e literatura, tanto nas linguas oficiais da comunidade como nas estranxeiras reservan un tempo para a lectura e comprensión lectora.

Nos departamentos traballan a lectura comprensiva na aula mediante a lectura do libro de texto con comentario ou posterior resumo, comprensión de exercicios técnicos e problemas e adquisición de vocabulario específico da materia.

Ademais das prácticas de lectura habituais arriba mencionadas, en cada departamento, especialmente nos de linguas, teñen estipuladas metodoloxías e probas específicas para detectar, corrixir e mellorar a comprensión lectora e a expresión escrita.

A actividade denominada “Hora de ler” está implantada en 1º e 2º de ESO. Cada semana, durante todo o curso, adócanse 20 minutos de lectura en silencio e por pracer, independentemente da materia. Para iso, os estudantes contan cunha biblioteca de aula actualizada pola biblioteca trimestralmente.

Tamén desde a biblioteca xorden varias iniciativas que permiten ao alumnado traballar na súa comprensión lectora e escritora. A principal son os clubs de lectura, que chegan fundamentalmente aos grupos da ESO, a través de algunhas profesoras mediadoras dos mesmos. Tamén se promoven concursos de microrrelatos, tanto en galego como en castelán, retos lectores ou boletíns de recomendacións lectoras.

➤ **Implicación do profesorado.**

Debemos reflexionar sobre a implicación directa e eficiente do profesorado na metodoloxía relativa á promoción da lectura. A resposta é moi variada dependendo da materia impartida e da implicación persoal.

Da resposta das enquisas anuais da biblioteca tiramos as conclusións que nos levan ás diversas melloras que acometemos á hora do fornecemento de materiais para as diversas materias impartidas e como acometer o Plan Anual de Lectura no centro.

En canto ás horas dedicadas á lectura, os departamentos que non pertencen ás diversas linguas establecen períodos dunha hora semanal ou quincenal á lectura de textos específicos da súa materia. En moitos casos, toman as

lecturas da propia biblioteca, pero está claro que a ponte entre biblioteca e departamentos debería ser máis fluída, para o cal traballamos arreo todos os anos.

OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN

A) Obxectivos

- Estimular o hábito da lectura, despertando a necesidade de ler desde as idades máis temperás (1º ciclo da ESO), e aproveitando que normalmente a esas idades aínda no están tan condicionados por outros estímulos externos como os ofrecidos por Internet.
- Descubrir no alumnado a sensibilidade literaria, cultivar o gusto e pracer de ler, compensando a falta de estímulos familiares, sociais ou persoais.
- Favorecer a relación íntima e persoal do alumno co libro.
- Favorecer que os rapaces medren como lectores, descubriendo con eles os diferentes tipos de lectura: silenciosa, oral, individual e colectiva.
- Favorecer a comprensión lectora mediante técnicas de traballo persoal e na aula, potenciando o uso dos diferentes tipos de dicionarios nas distintas áreas.
- Traballar (ler e escribir) con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.
- Favorecer a participación en proxectos interdisciplinares e apoiar todos os programas nos que participa o centro como os Contratos Programa e PFPP.
- Implicar a todo o profesorado nas actividades, campañas ou experiencias programadas para potenciar o hábito lector nos nosos alumnos.

B) Programa de medidas e actividades

➤ *Actividades relacionadas coa lectura na aula.*

• BIBLIOTECAS DE AULA

Temos bibliotecas de aula en 1º e 2º de ESO, vinculadas á “Hora de ler” e trabállase en recúperalas no resto dos cursos da ESO. Nas restantes xornadas de lectura, son os estudantes os que se encargan de ter o libro dispoñible, ou ben, os profesores os que transportan uns cantos exemplares de aula en aula.

Por outra banda, temos tamén unha biblioteca específica para a aula de apoio educativo, xestionada polas P.T.s do centro e en total colaboración coa biblioteca. Estamos a traballar en dúas liñas, dentro dos Contratos Programa, unha para prevención do abandono escolar e outro para a mellora da convivencia e prevención do acoso, e temos o obxectivo de consolidar esta temática dentro das nosas adquisicións bibliográficas.

Todos os profesores deberán promover o uso da biblioteca nas súas materias, podendo sempre contar coa biblioteca para a adquisición do novo material que poidan necesitar.

HORA DE LER

A partir do curso 2023-24 retomamos a actividade da “Hora de ler” en 1º e 2º da ESO. Constituimos bibliotecas de aula con libros motivadores e actualizados para esas idades. Establecemos un calendario de lectura de vinte minutos semanais que van rotando por cada día da semana, e que está colgado en todas as aulas. Polo xeral, está a funcionar bastante ben. A idea é ampliálo a 3º e 4º da ESO, se o claustro está de acordo.

PROGRAMA DE LECTURAS ANUAIS

Os Departamentos Didácticos presentarán as lecturas esenciais e voluntarias que o alumnado ten que ler cada curso e o alumnado levará a cabo as actividades estipuladas. A biblioteca facilitará en todo momento ó acceso a

estes materiais, dándolle prioridade, para garantir a igualdade de oportunidades entre o alumnado máis desfavorecido.

Os traballos sobre as lecturas terán visibilidade a través dos dous blogs xestionados pola biblioteca: [BIBLIOMOAS](#) e [LECTURAS REBULDEIRAS](#). Tamén a través blogs do profesorado (<http://afiestrademoas.blogspot.com>) ou da exposición directa na biblioteca ou na entrada.

➤ **Biblioteca: PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN**

O equipo da biblioteca, en coordinación co Departamento de Dinamización Lingüística e demais departamentos didácticos levará a cabo as seguintes accións:

- Realizará sesións de Formación de usuarios encamiñadas a dar a coñecer e dar bo uso da biblioteca escolar entre o novo alumnado e profesorado do centro. Estas sesións serán levadas a cabo coa presenza dos titores que poderán, posteriormente estender e aplicar o aprendido en posteriores sesións.
- Organizará un equipo de axudantes voluntarios de biblioteca entre o alumnado.
- Programará encontros con escritores para animar á lectura da súa obra.
- Organizará actividades de todo tipo arredor de celebracións específicas (Día das escritoras, Samaín, Día da Poesía, Día da Paz, Día da Muller, etc.) para fomentar a expresión escrita e a lectura (lecturas dramatizadas, lectura de poemas, etc)
- Elaborará boletíns de orientación á lectura periodicamente.
- Fomentará cada curso a creación de varios grupos de CLUBS DE LECTURA, bautizado como “Lecturas rebuldeiras” (blog: <http://lecturasrebuldeiras.blogspot.com.es/>) onde se farán visibles as actividades realizadas.
- Convocará concursos literarios de poesía, relato curto, microrrelato e outro tipo de xogos para utilizar os recursos da biblioteca: xogos de pistas, cazas de tesouros, etc.

- Fomentaremos a figura do “*Súper Lector*” da biblioteca a través dun marcapáxinas personalizado: *O Lecturómetro*, que premiará os mellores lectores da biblioteca.
- Participaremos en “**Roteiros Literarios**”, xa que cos anos contamos cunha crecente oferta literaria que ten como fondo a descrición das nosas vilas e cidades máis salientables.
- Participaremos no **Proxecto interdisciplinar de centro**, e/ou fomentaremos a súa presenza.

Todas as actividades de fomento de lectura están equitativamente repartidas por trimestres segundo consta na programación da biblioteca.

C) Espazos, tempos e modos de difusión

Contamos coa biblioteca como espazo principal para realizar a meirande parte de actividades e promoción destas: Clubs de lectura, exposicións, xogos, cabaletes informativos, panel de novas culturais, atrás de exposicións de novidades, revisteiro, etc. Hai un espazo de lecer dentro da biblioteca con dous sofás e una mesa de centro, situada preto dos cómics e revistas.

Tamén contamos cun gran espazo expositivo fixo na entrada do centro e paneis móbiles no caso de grandes exposicións nas que participa todo o centro.

As actividades do club de lectura teñen lugar na propia biblioteca, no salón de actos ou en aulas dependendo das tarefas que se estean a realizar e do número de integrantes.

Contamos tamén cunha pantalla de TV na entrada do centro na que proxectamos presentacións periódicas coas nosas actividades; así como un proxector con pantalla na propia biblioteca que permite facer ás veces de espazo expositivo dixital.

Xestionamos en dous blogs (“Bibliomoas” e “Lecturas rebuldeiras”) a difusión de actividades da Biblioteca escolar, así como as do club de lectura e as do grupo de música e de teatro. Moitas destas actividades tamén se visibilizan na *web* e no *Instagram* do centro.

D) Coordinación do proxecto e colaboracións

A coordinación do proxecto está en mans fundamentalmente do equipo de traballo da biblioteca que está comprometido a levar a cabo todas as actividades propostas e a súa difusión por todos os medios ao seu alcance, con todo debemos dicir que este programa de actividades implica a colaboración do profesorado e buscará tamén e sempre que se poida a participación das familias e organismos culturais da contorna.

Sabemos que non é traballo fácil a implicación de tanta xente como a que conforma un centro das nosas características. Os obxectivos están claros pero a consecución dos mesmos depende en grande medida dos recursos humanos que, esperamos, vaian no bo camiño.

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A finais de curso faremos una autoavaliación que nos permita reflexionar sobre o papel da biblioteca no conxunto do proxecto pedagóxico do centro e dos recursos que ofrece ao servizo do modelo educativo. Utilizaremos cuestionarios, enquisas ou follas de reflexión. De ser posible, pasaremos unha enquisa anual para valorar os avances ou retrocesos na posta en marcha deste proxecto.

Son dous os aspectos que serán obxecto de avaliación:

1. USO DA BIBLIOTECA

- Realización de estatísticas de lectores utilizando os recursos do programa Koha.
- Realización de estatísticas de uso dos ordenadores (rexistro manual de usuarios na biblioteca).
- Comprobación do nivel de demanda dos libros que se ofertan nos boletíns, exposicións, conmemoracións, revistas, taboleiro de anuncios e/ou por calquera outro medio.
- Estudo da demanda de material non catalogable (xornais, revistas, xogos, etc.) e audiovisual.
- Visibilización do labor da biblioteca no centro e na rede.

- Apoio ao currículo e as necesidades educativas dos usuarios (estudantes e docentes).
- Adecuación dos recursos documentais existentes, do equilibrio temático na composición do fondo e a variedade de soportes, así como as tarefas de expurgo e actualización da colección.

2. IMPLICACIÓN

- Comprobación do nivel de participación nas actividades que se organizan.
- Implicación do alumnado no funcionamento da biblioteca a través do voluntariado.
- Participación nos Clubs de lectura.
- Valoración do uso da biblioteca por parte do profesorado como recurso pedagóxico.
- Colaboración coa biblioteca municipal e outras institucións cercanas a fin de que a biblioteca transcenda o uso escolar para integrarse na vida do barrio.
- Implicación da Asociación de Pais de Alumnos (ANPA) e as familias. Eles son un referente de grande importancia para os seus fillos.

5.2. Club de lectura

Un ano máis propoñemos a actividade extraescolar do club de lectura, que leva por nome “**Lecturas rebuldeiras**”, co obxectivo de favorecer a formación de lectores competentes e a creación e consolidación do hábito de ler. Este Club funciona no IES Monte das Moas dende o 2011, da man dun pequeno equipo dinamizador de docentes, que foi renovado o pasado curso na súa maioría, equipo ao que neste ano académico se suma profesorado de nova incorporación ao centro, coa ilusión de continuar e ampliar a labor desenvolvida nos cursos anteriores.

Finalidades do club “Lecturas Rebuldeiras”

- Mellorar a competencia de comunicación lingüística entre o alumnado.
- Fomentar a creación dun hábito lector e a formación de lectores competentes.

- Ofrecer ao alumnado a posibilidade de comunicación cos seus iguais e co seu profesorado nun contexto menos académico, compartindo gustos, inquedanzas, significados, emocións e opinións sobre as lecturas.
- Impulsar a lectura en lingua galega, contribuíndo a reforzar o vínculo coa nosa cultura.
- Favorecer que o alumnado entre en contacto coa literatura dunha forma máis distendida, coñezan autores e xéneros diversos (poesía, teatro, banda deseñada...).
- Desenvolver entre os lectores e lectoras o espírito crítico.
- Incorporar á lectura a mozos e mozas que presentan resistencia a ler, ofrecéndolles unha actividade de carácter voluntario, que conecta cos seus intereses e necesidades.
- Facilitar un espazo de integración a alumnado con necesidades específicas de apoio.
- Mellorar as competencias de tratamento da información e dixital.
- Continuar co club de lectura en portugués iniciado hai un par de cursos con bo resultado.
- Complementar e relacionar a experiencia lectora con dramatizacións, visionado de cine ou aspectos musicais.
- As finalidades deste club van sempre en relación cos obxectivos do Proxecto lector de centro e da Biblioteca escolar, que está integrada no Plambe.

Actividades previstas. Descrición dos escenarios posibles

Na medida do posible e do tamaño dos grupos, tentaremos que as actividades do club teñan como espazo principal a biblioteca escolar. Tamén teremos en conta a posibilidade de realizar o club nas propias aulas, no salón de actos, ou mesmo en espazos ao aire libre no contorno do instituto.

Entre as actividades posibles para realizar:

- Reunións cada tres semanas para poñer en común o que estamos a ler, falando sobre a obra e comparándoa con outras xa lidas ou con experiencias persoais.

- Elaboración de diarios de lectura.
- Dramatización de contos ou outro tipo de textos.
- Relacionar a literatura co cine, lendo obras que foron levadas á gran pantalla e vendo a continuación a versión.
- Vinculación tamén de literatura e música.
- Realización de videopoemas e/ou audiolibros para a difusión de lecturas.
- Ilustración de fragmentos dos libros de lectura para animar o resto do alumnado a lelos.
- Lectura en voz alta nalgunha sesión, en especial de lecturas poéticas.
- Contacontos, recitado de poemas ou preparación de lecturas para os nenos e nenas da veciña escola infantil Carricanta.
- Encontros presenciais ou virtuais cos autores dos libros, de ser posible.
- Colaboración na revista cultural en colaboración co EDLG.
- Entrega de diplomas e/ou algún pequeno agasallo ao rematar o club.
- Difusión no blog do club (<http://lecturasrebuldeiras.blogspot.com.es/>) ou no da biblioteca do centro (<http://bibliomoas.blogspot.com>) dos produtos e traballos xerados nos grupos.

Actividades específicas de impulso á lectura en galego

Moitos dos clubs desenvolveráanse íntegramente en galego, noutros faranse lecturas alternativas en galego e en castelán.

Difusión e promoción da lectura por parte dos membros do club ao resto da comunidade educativa a través de actividades como:

- Lecturas sorpresa: no día da poesía, Letras Galegas, no Día do libro, no Día da Lusofonía (no club de portugués).
- Creación e lectura de microrrelatos de terror ilustrados co gallo do Samaín.
- Promoción dun libro a través de cartaces, información oral ou gravada nun vídeo para proxectar noutras clases.
- Exposicións de debuxos que ilustren os libros lidos ou cómics e mangas feitos polo alumnado en base a algún libro lido.

- Elaboración de presentación a través de xogos, adiviñas.... para dar a coñecer os libros.
- Realización de vídeos, *booktrailers* para animar as lecturas, críticas literarias en formato electrónico ou audiovisual, emprego de plataformas de creación como *genially*, etc.

Actividades para estimular a participación de varóns

Neste curso os profesores mediadores de cada un dos clubs tivemos o propósito de tratar de implicar ao alumnado masculino, sempre tan reticente a formar parte nesta actividade. Pedimos aos rapaces que tamén eles fixeran propostas de lectura do seu interés, e conseguimos nalgún club que un número de nenos máis elevado do habitual se inscribise. En total contamos con 13 rapaces integrantes.

Actividades de intercambio/colaboración

Este curso continuaremos co intercambio de libros con outros centros escolares da cidade (como o IES Agra do Orzán, IES Monelos); IES Agra de Leborís, da Laracha; con este último, a colaboración iniciouse o pasado curso 22-23.

Ademais contamos coa estimable colaboración da biblioteca municipal do Castrillón, a través de préstamos de libros e actividades de dinamización conxuntas.

Actividades para incentivar a participación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Algunhas das propostas que se lles fixeron son as seguintes:

- Dramatización de *Amelia quiere un can*, de Tim Bowley, para os nenos e nenas da escola infantil Carricanta.
- Saídas a escola infantil *Carricanta* para facer un recitado de catro poemas de *Acuario*, de María Casanova ou a adaptación de textos á lingua de signos, concretamente da canción “Os números”, de María Fumaça.
- Visionado de *O bosque animado* antes de preparar a visita á fraga de Cecebre.

Composición e número aproximado de participantes

Este curso a actividade vese enriquecida coa formación de clubs de nova creación: un en inglés, outro de lectura científica e un pequeno grupo formado por alumnado NEAE. Todos eles están formados por rapaces e rapazas. No momento de presentar a solicitude contamos co compromiso dos seguintes grupos:

GRUPO DE LECTURA	Nº ALUMNADO PARTICIPANTE	PROFESORES MEDIADORES	LINGUA	DÍA, HORA, LUGAR DE REUNIÓN
1º ESO	13	Mª Begoña Martínez Carballido	Castelán	Martes no recreo
2º ESO	13 (7 rapaces e 6 rapazas)	Francisco Carril Torreiro Club de banda deseñada e outros xéneros	Galego	Mércores no 2º recreo, nunha aula de 2º ESO
2º ESO A, B, C	14	Mª Carmen González Díaz	Galego e castelán	Martes no 2º recreo na aula
2º ESO D, E	11	Mª Carmen González Díaz	Galego e castelán	Venres no 2º recreo na aula
3º ESO	6 rapazas	Mar Hermida Pico Club de poesía e teatro en galego	Galego	Recreo na aula e algún luns ao mediodía na biblioteca
4º ESO A/B	7 5 rapaces e dúas rapazas	Marga Fernández Iglesias Club de novela en castelán	Castelán	Mércores no 1º recreo na aula de 4º ESO A Biblioteca.
1º BACH	12 (11 rapazas e un rapaz)	Ana Isabel Martínez Fernández Club de poesía e banda deseñada	Galego	Mércores no 2º recreo na aula de 1º BACH A

Formas de organización e funcionamento

Está previsto que o funcionamento do club se desenvolva **dende o mes de novembro ao mes de maio**. Por iso na última semana de outubro cada mediador

realizará unha primeira reunión co seu grupo, que foi formado a longo deste mes, para a entrega do primeiro libro de lectura, sinalar as sesións das reunións, o horario previsto, que será sempre o mesmo día da semana e á mesma hora acordada polo mediador/a, cunha periodicidade de tres semanas, na maioría dos clubs. Tamén se indicarán as pautas e o ritmo de lectura dese primeiro libro. Nesta primeira reunión solicitarase ao alumnado que fagan propostas para as posteriores lecturas, dependndo dos seus gustos e intereses.

Nas reunións comentaremos a lectura e realizaremos outras actividades complementarias, xa sinaladas, relacionadas co que estemos a ler.

Coordinadora

As tarefas de organización recaen no grupo de profesorado implicado nos diferentes clubs, de Lingua galega e castelá na súa meirande parte, e Margarita Fernández Iglesias (profesora de Lingua e Literatura castelá) como coordinadora.

Medios que se utilizarán para a súa difusión

Deuse información sobre o club de lectura nas aulas a través do profesorado mediador de lectura para buscar grupo entre o seu alumnado. Elaborarase unha circular para as familias.

O Club darase tamén a coñecer á comunidade educativa a través do blog *Lecturas rebuldeiras* (<http://lecturasrebuldeiras.blogspot.com>); *Bibliomoas*, o blog da biblioteca do IES Monte das Moas; *O son rebuldeiro*, revista do EDLG do IES Monte das Moas (agora en formato dixital), así como con cartelería diversa na entrada, nas aulas e na biblioteca.

6. PLAN DIXITAL

O Plan Dixital do centro é un documento a través do cal os centros analizan a súa realidade en relación ao uso das tecnoloxías dixitais e, a partir desta situación de partida, definen un plan de actuación que incluírá os obxectivos a conseguir, as actuacións específicas para implementar este plan, a súa avaliación e difusión.

O obxectivo final da posta en marcha do Plan Dixital é mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado e da transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes.

OBXECTIVOS

Atendendo ás áreas de mellora identificadas establecéronse os seguintes obxectivos:

- Mellorar a infraestrutura do centro tanto de conectividade coma de equipamento e servizos dixitais educativos.
- Mellorar a dotación de recursos dixitais nas aulas específicas de informática.
- Mellorar as conexións a Internet en todos os espazos do centro.
- Fomentar o uso das TIC's para avaliar ao alumnado, empregando a AV do centro.
- Aumentar o emprego da AV do centro.

Acceso ao documento completo en: Páxina web do centro

Para continuar coa implementación do Plan Dixital séguese co grupo de formación permanente do profesorado (**PFPP**) interdisciplinar, para traballar en distintas materias, cos seguintes obxectivos:

- Promover o aprender facendo entre o alumnado do centro e impulsar un modelo de ensino baseado na adquisición de competencias.
- Fomentar o traballo colaborativo e aprendizaxe en grupo.
- Impulsar unha cultura dixital coa comunidade educativa en xeral.
- Integrar as novas tecnoloxías nos procesos de ensino-aprendizaxe.
- Dinamizar o papel do docente a través do uso de novos medios dixitais.
- Actualización en competencia dixital para favorecer a optimización e formación do profesorado no uso de recursos técnicos e dixitais.

- Conseguiir unha maior integración das novas tecnoloxías no traballo diario das aulas.

7. PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES

É importante que desde os centros educativos se realice a promoción dun estilo de vida saudable na comunidade educativa para salvaguardar a saúde física e emocional do alumnado. A etapa escolar pode ser determinante para adquirir bos hábitos incorporando a actividade física á vida diaria, loitando así contra a inactividade física e o sedentarismo, promovendo unha alimentación saudable e o benestar emocional do alumnado.

Para levar a cabo todo isto propoñemos catro liñas principais de intervención:

- Actividade física e alimentación saludable.
- Benestar e saúde emocional.
- Autocoidado e accidentalidade.
- Prevención do consumo de sustancias adictivas.

OBXECTIVOS XERAIS

- Contribuír ao desenvolvemento de competencias e capacidades que permitan ao alumnado afrontar os riscos para a saúde máis frecuentes nestas idades, favorecendo a elección de condutas saudables.
- Promover aptitudes que permitan tomar conciencia das emocións propias e dos demais, así como aprender a regularlas, mediante estratexias que favorezan o desenvolvemento persoal e social.
- Desenvolver habilidades que potencien a autonomía emocional, unha actitude positiva cara a un mesmo e cara aos demais, así como estratexias que permitan afrontar os retos da vida de forma sa e equilibrada.
- Sensibilizar sobre a importancia de realizar actividade física e levar unha alimentación variada e equilibrada baseada na dieta mediterránea, facendo especial énfase no aumento do consumo de froitas e hortalizas e na diminución do consumo de bebidas azucradas.

- Promover a adquisición de hábitos relacionados coa hixiene e o autocoidado.
- Favorecer o desenvolvemento de competencias relacionadas co sentido viario: a observación visual ou auditiva, a noción espacial, a prudencia ou a pronta decisión.
- Atrasar a idade de inicio de consumo de substancias adictivas, incidindo nos factores de risco e de protección que se relacionan coa probabilidade de uso de tabaco, de alcol e doutras substancias ou condutas adictivas.
- Favorecer a práctica de actividades deportivas dentro y fora do centro.

MEDIDAS PARA A PROMOCIÓN DE VIDA SAUDABLE

- Aumento da carga horaria da materia de Educación Física cunha hora lectiva a maiores en todos os grupos de 1º ESO e 2º ESO.
- Recreos activos: actividades deportivas durante os recreos de todos os días na pista exterior do centro.
- Participación no Programa Deporte na escola a través da AMPA.
- Estudio de participación en programas de consumo de froita e leite propostos pola administración (FOGGA) para o vindeiro curso xa que para este cando o intentamos xa estaba rematado o prazo.
- Programa de mediación escolar polo Departamento de Orientación.
- Realización de actividades de difusión de receitas saudables e produtos típicos de Galicia.
- Fomento da mobilidade saudable e promoción dos desprazamentos peonís e en bicicleta (taller de seguridade viaria coa colaboración da Policía local e Protección civil).
- Realización de obradoiros de relaxación.
- Torneo de deportes de Nadal.
- Roteiros de sendeirismo (Fragas do Eume, Ruta dos faros, Ruta polo litoral de Oleiros....)
- Traballo sobre hábitos posturais correctos, tanto na actividade cotiá como na actividade física.

- Desenvolvemento de prácticas de evacuación conforme ás directrices do Plan de Autoprotección do centro.
- Charlas sobre a prevención do consumo de drogas.
- Análise dos ingredientes das etiquetas nutricionais e das estratexias empregadas pola industria alimentaria para evitar produtos non saudables.
- Análise e comparación de distintas dietas, valorando os xeitos de adaptalas segundo as necesidades nutricionais das diferentes persoas en función das súas características biolóxicas e a actividade que realicen.
- Actividades de análise da información sobre a saúde na prensa dixital e en papel.

8. PLAN DE BENESTAR

OBXECTIVOS - INDICADORES

Na seguinte táboa describimos os obxectivos do plan e os seus indicadores de logro:

Obxectivos	Indicadores
- Detectar situacións de malestar, ansiedade ou sufrimento no conxunto da comunidade educativa.	-Difusión de pautas de observación para a detección de problemas de benestar emocional. -Programa alumnado axudante.
-Dotar de recursos para o acompañamento e intervención a través de redes de apoio que protexan á persoa ou persoas afectadas e reduzan a súa vulnerabilidade.	-Creación de espazos e tempos no centro para o traballo sobre o benestar emocional, de comunicación e escoita e identificación das emocións propias e alleas. -Disponibilidade de modelos de intervención e protocolos específicos de actuación ante as situacións problemáticas detectadas no ámbito do benestar emocional.
-Desenvolver aspectos relacionados coa regulación emocional e o afrontamento dos conflitos para aprender a tolerar a frustración e evitar situacións de estrés.	-Promoción entre o alumnado, a través da acción tutorial, da formación específica sobre habilidades sociais, prevención de conflitos, tomas de decisión, prevención do acoso, solución pacífica de conflitos e promoción de hábitos saudables.

	<ul style="list-style-type: none"> -Promoción das escolas de pais/nais sobre benestar emocional. -Formación do profesorado sobre educación emocional.
<ul style="list-style-type: none"> -Fomentar actitudes positivas, de colaboración e solidariedade co fin de recoñecer o esforzo e xerar un beneficio común. 	<ul style="list-style-type: none"> -Uso de metodoloxías interdisciplinares e cooperativas dentro das aulas. -Coordinación entre departamentos e equipos de traballo existentes no centro. -Participación e implicación docente nas actividades desenvolvidas no centro, especialmente as relacionadas coa mellora do benestar e a convivencia. -Coordinación e comunicación coa ANPA.
<ul style="list-style-type: none"> -Impulsar a concienciación sobre os usos problemáticos de internet e fomentar o seu uso responsable. 	<ul style="list-style-type: none"> -Uso das TIC's para avaliar ao alumnado e uso da aula virtual tendo en conta medidas consensuadas (profesorado-alumnado-familias) que garantan a desconexión dixital no proceso de ensino-aprendizaxe. -Formación do alumnado sobre o uso adecuado de redes a través do plan de acción tutorial. -Aplicación dos protocolos de protección de datos nas actividades do centro.
<ul style="list-style-type: none"> -Fomentar accións formativas e de concienciación específicas no ámbito da saúde mental para toda a comunidade educativa, con énfase no profesorado de secundaria. 	<ul style="list-style-type: none"> -Formación específica do profesorado sobre benestar emocional, saúde mental e prevención do estrés. -Programas de información e prevención a alumnado e familias.
<ul style="list-style-type: none"> -Impulsar a colaboración coas entidades que traballan no coidado do benestar emocional. 	<ul style="list-style-type: none"> -Convenios de colaboración asinados con entidades sin ánimo de lucro, que colaboren no desenvolvemento do benestar emocional, prevención e fomento de hábitos saudables.
<ul style="list-style-type: none"> -Impulsar o acollemento e o bo clima de traballo no centro educativo como elemento protector e facilitador do benestar emocional e a convivencia positiva. 	<ul style="list-style-type: none"> -Coidado e planificación nas actuacións de acollida e atención a familias, especialmente nos casos de vulnerabilidade escolar (protocolos de acoso, absentismo...). -Coidado e planificación na acollida a novo alumnado incorporado ao centro. -Coidado e planificación na acollida de novo profesorado. -Enquisas do clima de convivencia.
<ul style="list-style-type: none"> -Difundir e visibilizar os recursos do centro sobre convivencia e benestar emocional e coordinar actuacións. -Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, 	<ul style="list-style-type: none"> -Coordinación e dinamización do plan de convivencia xunto coa comisión de convivencia do centro. -Coordinación co departamento de orientación para dinamización do plan de acción tutorial e plan de

ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna	igualdade. -Coordinación para desenvolver o Plan Dixital garantindo uso responsable e saudable das novas tecnoloxías. -Difusión do plan entre os membros da comunidade educativa (web, cartelería...).
-Coordinar, según protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos externos competentes.	-Coordinación con axentes externos ao centro.

PROCEDIMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN

Dentro deste plan artéllanse instrumentos de avaliación formativa ó longo de todo o curso: Trataremos de observar de forma permanente indicadores do benestar social e emocional do alumnado para intervir o antes posible en casos de indicios de situacións conflitivas de risco para os menores. Os progresos ou as dificultades atopadas deberán ser sempre valoradas para modificar os aspectos do Plan que así o requiran.

Atenderemos a indicadores como os resultados e o éxito académico de forma trimestral, pero tamén cuantificaremos no posible e de forma continua os datos referidos á convivencia e benestar emocional (diminución das sancións ao alumnado por problemática condutual, diminución dos casos de problemática referida ao uso indebido de redes e tecnoloxía...), participación, implicación de todos os integrantes da comunidade educativa e grao de satisfacción co Plan desenvolvido.

No final de cada curso realizarase unha avaliación sumativa por parte das partes implicadas no plan, que permitirá determinar se foron acadados os obxectivos, a adecuación das actividades propostas, a adecuación da liña metodolóxica e si a planificación foi operativa e realista.

As necesarias modificacións do Plan estarán baseadas na información recollida sobre:

- A avaliación inicial: si foi adecuada a definición de fortalezas, debilidades, necesidades e recursos dispoñibles do centro.

- A planificación: si o plan é flexible para adaptarse ás necesidades aparecidas ao longo dos cursos.
- A funcionalidade: si o Plan é realista e usa metodoloxías axustadas ás características do centro.
- A eficacia na coordinación e comunicación entre os responsables e implicados.
- A dispoñibilidade de recursos temporais, materiais e persoais.
- O consenso e implicación da comunidade educativa nos programas e accións propostas.
- O clima de convivencia e benestar acadado coas medidas implementadas ao longo do curso.

Os datos obtidos desta avaliación servirán de punto de partida para reformular o deseño para cada novo curso escolar, coa finalidade de que o Plan se adapte sempre o máximo posible ás necesidades da comunidade educativas.

ACTUACIÓNS CONCRETAS PARA O CURSO 2023/2024

A través do Plan de Acción Tutorial:

NIVEL	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1º ESO	- "A rede e as súas redes". Prevenção riscos asociados a internet- 3 sesións - Educación viaria: formación con STOP Accidentes	-Primeiros auxilios	-Día da bicicleta: mobilidade sostible e segura.
2º ESO	- Fuga de cerebros: HHSS fronte ás adicións. 3 sesións -Formación a alumnado axudante para mellora da convivencia escolar.	Obradoiro :” Aprender en igualdade creando II” -5 sesións	Obradoiro Videoxogos e o seu dominio-(uso novas tecnoloxías) 2 sesións
3º ESO	- Obradoiro A máscara das drogas- 3 sesións -Plan Director: prevención do acoso. -Formación a alumnado axudante para mellora da convivencia escolar.	Prevenção , abordaxe e xestión de conflitos- 4 sesións	Obradoiro Foro-debate: pensar en igualdade con miras amplas. 4 sesións.

4º ESO	- Obradoiro O valor do “Non, eu paso”-3 sesións ----- -Taller de prevención no uso de internet, redes sociais e xogos interactivos- 1 sesión -Plan Director: prevención do acoso. -Formación a alumnado axudante para mellora da convivencia escolar.	Obradoiro de saúde afectivo-sexual-4 sesións	Con-tacto con Palabras: promoción da saúde mental no ámbito escolar-4 sesións.
---------------	---	--	--

Información dos programas:

- **1º ESO**

“**A rede e as súas redes**”. Prevención riscos asociados a internet. Este obradoiro ten como obxectivo promover a toma de conciencia por parte dos participantes dos riscos asociados ao uso da internet e facilitar habilidades para moverse neste novo "hábitat" con seguridade.

Contidos:informar sobre:

- Que é a rede.
- O uso que a rede fai dos datos.
- A responsabilidade na Internet: significado de ser menor de idade.
- O uso da imaxe na internet.
- Verdades e mentiras na rede.

- **2º ESO**

“**Fuga de cerebros**”. Obradoiro para fomentar no alumnado as habilidades de comunicación e as competencias para a toma de decisións autónomas e saudables, que actúan como factores de protección fronte ao comezo do consumo de substancias adictivas.

Obxectivo: previr e informar sobre:

- Verdades e mentiras sobre as substancias que crean dependencia.
- A importancia dos outros.Fomento de habilidades de comunicación como factores de protección.
- Promover competencias persoais para a toma de decisións.

“**Aprender en igualdade creando II**”. Este obradoiro abordará diferentes temáticas relacionadas coa promoción da igualdade e da diversidade, axustándose ao nivel educativo do alumnado e empregando ferramentas didácticas atractivas e de natureza lúdica que aproveiten e potencien a creatividade do alumnado destinatario.

Obxectivos:

- Identificar e analizar cuestións relacionadas coa desigualdade, sexismo e violencia de xénero presentes nos cómics, música, publicidade, curtas ou vídeos subidos nas redes sociais etc., promovendo que as nenas e os nenos realicen as súas propias creacións. Identificar crenzas, roles e estereotipos que condicionan as actitudes e comportamentos nas relacións interpersoais.
- Constatar o enriquecemento social que supón formar parte dunha sociedade onde primen valores de respecto, tolerancia e igualdade en relación coas diferenzas por razón de sexo, imaxe, orixe, raza, etnia, costumes culturais, capacidades físicas, intelectuais, orientación sexo-afectiva.
- Traballar sobre a importancia de ter unha visión analítica, crítica e non estereotipada en relación á diversidade existente na nosa sociedade.
- Analizar a publicidade de maneira crítica, valorando como inflúe o variable sexo no consumo, selección de produtos, actitudes e condutas. Identificar formas de influír na contorna máis próxima, apoderando a mozas e mozos como protagonistas do cambio social.
- Poñer en valor a riqueza que ten a linguaxe oral e escrita con perspectiva de xénero na comunicación.
- Aplicar coñecementos e diferentes técnicas para plasmar ou facer realidade as súas propostas de cambio de maneira gráfica ou artística (ilustrar as súas historias, facer guións, realizar pequenas gravacións, ideas e montaxes publicitarias etc.).

“**Videoxogos e o seu dominio**”. Obradoiro que ten por **obxecto** promover a toma de decisións saudables no uso das redes sociais e os videoxogos, cunha metodoloxía baseada no uso de actividades TICs.

Contidos:

- Tempo libre - tempo de lecer: Lecer dixital.Teléfono móbil, redes sociais e videoxogos: a contorna dos móbiles e as redes sociais.

- Xogos dixitais e videoxogos: Atención, concentración, encontros en liña, fatiga...Videoxogos e cambios na conduta.

- **3º ESO**

Obradoiro “A máscara das drogas”.Obradoiro que ten por **obxecto** promover unha reflexión e actitude crítica que contribúa á toma de decisións saudables a respecto do consumo de substancias en xeral e do consumo de alcohol e cannabis en particular.

Abordaranse os seguintes contidos:

- Ondas mediáticas: modelos de consumo.

- Cerebro- Emocións -Normas: Top secret do alcohol - top secret do cannabis.O poder de decidir.

- Ti mais eu: relacións sen substancias.

Obradoiro “Foro-debate: pensar en Igualdade con miras amplas”. Este taller trata de fomentar a capacidade de expoñer argumentos propios e reflexionados sobre un contido determinado. Esta aprendizaxe facilítase cando o acompañamento é apropiado, as fontes nas que se fundamentan os argumentos son adecuadas, variadas e a contorna creada na aula dá cabida a un pensamento crítico baseado no cuestionamento e a pluralidade de opcións.

Obxecto: Contribuír á creación de espazos de confianza que favorezan a reflexión e a participación do alumnado, nos que se poderán abordar diferentes temáticas de interese para a adolescencia e a mocidade que faciliten crear relacións interpersoais, sas, xustas e igualitarias. Recoller o discurso e o sentir das e dos adolescentes/mocidade con respecto ás temáticas propostas (DARLLES VOZ). Xerar dinámicas de debate que lles poidan axudar a desenvolver un pensamento crítico en relación coas desigualdades e violencias machistas.Sensibilizar a adolescencia e mocidade naquelas temáticas nas que mostran maior interese e preocupación, máis aló das abordadas no currículo escolar.Contribuír a mellorar a capacidade do alumnado para falar, debater en público e defender as súas posturas dunha maneira fundamentada e carente de

"agresividade".

As palabras reflicten dun modo profundo os conceptos máis arraigados sobre a nosa visión do mundo e, ao mesmo tempo, moldean a realidade que nos rodea. A través das palabras creamos novos escenarios, novas realidades que transforman o mundo. É por iso que ten un importante papel neste taller o emprego dunha linguaxe inclusiva que promova valores de igualdade e diversidade. Trátase de crear un espazo de confianza no que se verbalicen as miradas e os pensamentos da adolescencia e mocidade, no que poidan compartir visións, valores, críticas e dúbidas acerca do mundo que as/os rodea, do que son axentes activos, e por suposto, importantes protagonistas.

“Prevención, abordaxe e xestión de conflitos”. Obradoiro que ten por obxecto promover no alumnado actitudes prosociais e saudables, que proporcionen as ferramentas adecuadas para unha abordaxe e xestión saudable e positiva dos conflitos en xeral e ante as situacións relacionadas co consumo de substancias adictivas e alcohol en particular.

Abordaranse as seguintes temáticas relacionadas coa xestión de conflitos:

- Conflitos: oportunidades e riscos.
- Diferenzas de xénero e culturais: estereotipos, prexuizos, tópicos.
- Enfrontamento dos conflitos. Promoción de actitudes prosociais e saudables. Xestión de conflitos de forma construtiva (individual e grupal).

- **4º ESO**

“Con-tacto con Palabras: promoción da saúde mental no ámbito escolar”.

OBXECTO: Abrir un espazo para expresar as diferentes realidades particulares e vivencias mediante as palabras. Recoñecer e verbalizar pensamentos e emocións, regulándoas e incorporándoas a un novo hábitat emocional, identificando estados de ansiedade e favorecendo o seu manexo. Poñer en valor situacións vividas para transformalas en aprendizaxe.

O valor do “Non, eu paso”. Obradoiro que ten por obxecto fortalecer as habilidades e competencias para unha actitude crítica fronte ao consumo de substancias e a xestión de posibles situacións de risco.

Abordaranse os seguintes contidos:

- A tiranía das substancias.
- Combinacións perigosas: drogas e....
- Mirada crítica: Corta coas lendas urbanas! Como digo "NON"? . Recursos
“Taller de prevención no uso de internet, redes sociais e xogos interactivos”. Este obradoiro ten como obxectivo a prevención do uso inadecuado de redes sociais e xogos interactivos, así como a súa derivación en condutas de risco asociadas (ludopatía). Obxecto: Prevención de risco no uso da internet, redes sociais e xogo interactivo. Fomentar o uso responsable da internet, novas tecnoloxías, redes sociais e xogos interactivos. Identificar o inicio de situacións de risco (ludopatía) asociadas a usos inadecuados e evitar as súas consecuencias.

“Obradoiro de saúde afectivo-sexual”. Obradoiro que aborda a saúde afectivo-sexual desde unha perspectiva de xénero, no que se traballan as diferenzas na transmisión de valores emocionais, afectivos e sexuais segundo sexan mozas ou mozos, as repercusións que teñen as ditas diferenzas nas súas vidas e o impacto causado, neste ámbito tan importante da saúde, polos roles e estereotipos socialmente establecidos.

Obxectivos xerais: Sensibilizar ao alumnado sobre a influencia da educación afectivo-sexual nas súas vidas, así como sobre o impacto causado polos roles e estereotipos socialmente establecidos a través de diferentes fontes (publicidade, redes sociais, pornografía). Crear un espazo no que poder falar con liberdade, nun clima de confianza, arredor da afectividade e a sexualidade. Ofrecer estratexias que promovan unha sexualidade igualitaria, libre, sa e pracenteira. Contribuír, en coordinación co profesorado, á normalización dentro das aulas da educación afectivo-sexual.

Obxectivos específicos: Facilitar a revisión e o cuestionamento de mitos e conceptos falsos relacionados coa expresión de emocións e sentimentos. Abordar os dereitos sexuais e reprodutivos na adolescencia. Cuestionar actitudes e condutas sexuais e afectivas negativas (como poden ser as homófobas e sexistas), potenciando a empatía, a tolerancia e o respecto como bases para establecer unhas relacións positivas e sas entre as persoas, tendo

en conta a perspectiva de xénero. Orientar o alumnado para unha correcta toma de decisións e para a asunción de responsabilidades en relación a unha/un mesma/o e cara ás demais persoas. Favorecer a prevención de condutas de risco nas relacións sexuais. Favorecer a prevención da violencia sexual. Sensibilizar fronte aos conflitos entre os desexos, valores, normas sociais e culturais. Proporcionar unha relación de recursos e servizos de interese para a adolescencia e mocidade (centros de atención psicoafectiva, teléfonos, correoselectrónicos, webs oficiais, ligazóns).

XORNADAS DE ACOLLIDA

Alumnado procedente do estranxeiro e /ou incorporación tardía:	Información a familias e visita do alumnado ao centro:	No momento da incorporación:
A familias	Reunión inicial de curso con titores	Primeiro trimestre
A profesorado	Normas funcionamento do centro e visita ao centro	No momento da incorporación.
Alumnado de nova incorporación procedente dos centros adscritos	Información a familias e visita do alumnado ao centro.	Terceiro trimestre

MEDIACIÓN ESCOLAR E ALUMNADO AXUDANTE

Alumnado	Formación	Temporalización
-Selección de alumnado axudantes de convivencia nos grupos de 1º ESO	Formación inicial	Primeiro trimestre
-Continuidade alumnado axudante nos grupos de 2º, 3º e 4º ESO	Xornadas de formación e convivencia	Ao longo do curso

FORMACIÓN

Formación	Temporalización
Difusión entre os membros da comunidade educativa da información recibida en materia de benestar emocional no centro. Formación do profesorado sobre a guía de benestar emocional	Durante todo o curso
Solicitado o PLAN PROXECTA e CONTRATOS PROGRAMA nas liñas CONVIVE-T e INCLÚE-T	A espera de recibir autorización de participación e iniciar as actividades de convivencia e integración escolar que desenvolveremos dentro do Programa durante todo o curso.

COLABORACIÓN CON CENTROS CÍVICOS E CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DO CONCELLO DA CORUÑA.

Participación nas actividades ofertadas: atención individualizada e clases de apoio para alumnado con dificultades e actividades para previr a violencia de xénero e garantir a igualdade: conmemoracións do 25 de novembro e 8 de marzo (en coordinación coa biblioteca de centro).

O Plan está aberto a novas actividades en función das ofertas externas recibidas e as necesidades detectadas.

9. INNOVACIÓN EDUCATIVA**9.1. Contratos Programa**

Neste curso académico 2023/24 o IES Monte das Moas súmase á convocatoria de Contratos – Programa da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado. A convocatoria 2023/24 de Contratos-Programa pretende adaptar as diferentes liñas de traballo ás novidades introducidas pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, e pretende potenciar de forma prioritaria o desenvolvemento das competencias clave, así como a mellora da convivencia nos centros, a promoción da igualdade de xénero e de medidas que fomenten a inclusión, o afondamento no logro da excelencia educativa, a redución das taxas

de abandono escolar temperán, así como a promoción da atención educativa para a compensación de desigualdades na educación. En definitiva, contribuír á mellora da calidade do sistema educativo do noso centro.

As modalidades solicitadas neste curso son:

➤ **Contratos-Programa Inclúe (CPInlúe)**, para fomentar a inclusión educativa, nas modalidades:

- **QUÉDA-T** (Prevenición do abandono temperán e do absentismo escolar)
- **CONVÍVE-T**

Este Contrato-Programa Inclúe, ten por obxecto establecer as condicións para desenvolver nos centros docentes públicos plans dirixidos á mellora permanente do alumnado mediante programas que favorezan a inclusión educativa, a redución do abandono temperán, a igualdade de oportunidades, a mellora da convivencia escolar e o aumento do benestar emocional de toda a comunidade educativa durante o curso escolar.

➤ **Contratos-Programa Innova (CPInova)**, trata de constituír un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan desenvolver un plan de mellora no que se permita, en función das necesidades detectadas e do proxecto educativo, potenciar, de forma prioritaria, o desenvolvemento das competencias clave, afondar no logro da excelencia educativa. A modalidade na que traballamos dende o centro é:

- **EDUexcelencia** (O centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento).

➤ **Plan Proxecta**, é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial.

A temática coa que se traballará no centro é “**Mobilidade sostible segura**”, para axudar a mellorar a mobilidade do noso alumnado e o entorno viario do centro cara a modelos máis seguros e sostibles.

10. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

INTRODUCCIÓN

Asúmese unha concepción PREVENTIVA, INCLUSIVA E SISTÉMICA da orientación educativa:

PREVENTIVA: implementando medidas desde inicio de curso e antes de que aparezan as dificultades, que favorezan a convivencia e os procesos de ensino-aprendizaxe de todos os alumnos.

INCLUSIVA: as actuacións do departamento de orientación irán encamiñadas a favorecer o desenvolvemento de todo o alumnado no ámbito académico, persoal e vocacional, ofrecendo unha atención o máis personalizada posible en función das necesidades de cada alumno e os recursos do centro.

SISTÉMICA: a orientación educativa é inseparable da función docente. Debe realizarse integrada no currículo e en coordinación cos profesionais do centro, e profesionais externos si é o caso, e coas familias.

1.1. MARCO LEGAL.

O Departamento de Orientación deste IES desenvolverá as súas actividades dentro das competencias establecidas no Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coas ordes que regulan e dan coherencia á organización e funcións dos servizos de orientación na nosa Comunidade.

1.2. CONTEXTUALIZACIÓN

O centro escolariza alumnado da ESO e Bacharelato en réxime ordinario.

Centros adscritos: CEIP Sal Lence, CEIP Plurilingüe Anxo da Garda e CEIP Juan Fernández Latorre.

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

No presente curso 2023/24, o Departamento de Orientación do IES MONTE DAS MOAS estará composto polos seguintes membros:

- Xefa de Departamento: M^a del Pilar Seoane Sánchez.
- Xefa do Departamento de Orientación do CEIP Plurilingüe Anxo da Garda .
- Xefa do Departamento de Orientación do CEIP Sal Lence.
- Xefe do Departamento de Orientación do CEIP Juan Fernández Latorre.
- Profesora de Pedagogía Terapéutica. M^a Remedios Martínez Vázquez .
- Profesor de ámbito socio-lingüístico: Alberto Fachado Estévez.

- Profesor de ámbito científico-matemático: Patricia Otero Ponte.

No presente curso escolar solicitamos un/unha profesor/a máis de PT para atender as necesidades do noso alumnado. Contamos cunha profesora (compartida con outro centro) que ten docencia de 12 horas semanais neste IES.

Establecéranse as coordinacións necesarias ao longo do curso para desenvolver os obxectivos deste plan, dentro do marco da lexislación vixente: coa profesora de P.T., trimestrais cos membros do departamento e as extraordinarias co equipo directivo ou profesorado en caso necesario.

LIÑAS DE ACCIÓN PRIORITARIAS E ACTUACIÓNS.

- **Acción tutorial:** as actuacións neste eixe serán de asesoramento, coordinación e colaboración no desenvolvemento das funcións titoriais. A tal fin, realizaránse as coordinacións necesarias entre os titores, xefe de estudos e orientadora ao longo do curso.

Solicitaremos as actividades a desenvolver por educadores externos e con preferencia da temática referida á: saúde física, benestar emocional, convivencia e igualdade, medioambiente e sostibilidade, para dar continuidade ao traballo iniciado nos cursos anteriores.

- **Atención á diversidade:** as actuacións prioritarias continuarán incidindo na prevención e intervención temperá, co obxectivo de evitar as dificultades que orixinan o fracaso escolar e o abandono dos estudos. A prevención esixe unha pronta e completa avaliación psicopedagóxica e diagnóstico de necesidades ao inicio deste curso e o establecemento das medidas educativas adecuadas a cada caso, sempre en colaboración co profesorado: programas de reforzo das materias instrumentais, adaptacións curriculares, plans personalizados para alumnado repetidor...

A avaliación continua dos procesos de ensino aprendizaxe, en coordinación co profesorado, permitirá coñecer a adecuación das medidas adoptadas e establecer as revisións oportunas ou a reversibilidade das mesmas, en función do aproveitamento e a evolución do alumnado.

As medidas de apoio serán sempre as máis ordinarias posibles para favorecer a integración do alumnado e optimizaremos os recursos dispoñibles, establecendo os apoios máis específicos e individualizados para o alumnado que presenta necesidades

educativas especiais, priorizando os cursos inferiores da etapa de escolaridade obrigatoria si é necesario.

Orientación vocacional e profesional:

- Actuacións relacionadas co asesoramento sobre as diferentes opcións para a obtención do graduado en educación secundaria obrigatoria, acceso a ciclos ou ensinanzas universitarias.

- Asesoramento xeral de saídas profesionais e elección vocacional.

- Prevención do abandono escolar na etapa de ESO.

- Dar a coñecer a alumnado e familias recursos formativos e de inserción laboral que permitan continuar a formación ao longo da vida.

Outras liñas prioritarias de traballo serán:

- **Colaborar e coordinar actuacións cos centros adscritos:** favorecer o traspaso de información e xestión da documentación do alumnado procedente dos centros adscritos (informes, expedientes...).

- **Favorecer a apertura do centro ao entorno:** Actuacións para favorecer a necesaria colaboración e coordinación cos servizos externos: EOE, Servizos Sociais, profesionais que atenden ao noso alumnado (psicólogos, logopedas...), organizacións e institucións coas que colaboramos (SOS Racismo, Fundación Amigó, ADAFAD, Seretariado Xitano, Aula Intercultural), servizos educativos do Concello...

- **Fomentar a participación e implicación das familias na educación das súas fillas e fillos:** As actuacións neste aspecto pasan pola información continua sobre o proceso de aprendizaxe do seu fillo e as medidas adoptadas en cada caso, solicitando a súa colaboración e asesorando para mellorar eses procesos.

- **Favorecer a convivencia e resolución pacífica de conflitos** en colaboración con titores e xefatura de estudos a través de actuacións específicas para a mellora da convivencia escolar. O departamento de orientación traballará tamén na formación e intervención de mediadores/alumnos axudantes, e na coordinación de programas ou accións destinadas a mellorar a conduta daqueles alumnos que ocasionan problemas de convivencia nas aulas de forma reiterada; o obxectivo destas actuacións será

diminuir no posible as sancións que conlevan a perda de dereito a clase, especialmente nos alumnos que están en idade de escolaridade obrigatoria, para previr o fracaso e abandono escolar.

- Revisar e actualizar si é necesario a dotación material do departamento de orientación

TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

No primeiro trimestre desenvolveremos cos titores as actuacións necesarias para : comunicación a pais sobre os temas de importancia para o inicio de curso e as actividades de acollida do alumnado e elección de delegado. No plano de atención á diversidade, a avaliación psicopedagóxica e inicial (que serán a base para elaborar as medidas de atención á diversidade: apoios, elaboracións de ACIs,...) quedarán establecidas o antes posible (setembro e outubro) para que os alumnos reciban a atención individualizada que necesitan dende o inicio de curso co fin de previr dificultades maiores.

Durante o curso se desenvolverá a orientación académica e vocacional facilitando información e atendendo as demandas puntuais do alumnado e será de especial prioridade nos momentos das convocatorias de interese: probas libres de acceso a ciclos, ABAU....A orientación vocacional será tratada en toda a ESO de xeito progresivo: nos cursos 1º, 2º e 3º incidiremos no autoconñecemento e na aprendizaxe dos procesos de toma de decisións; en 3º será importante que o alumnado de 3º ESO coñeza o 4º curso na súa finalidade preparatoria para o Bacharelato ou a Formación Profesional. No Bacharelato, os alumnos recibirán información sobre as probas de acceso á universidade, titulacións universitarias, bolsas, residencias e orientación laboral.

A atención ás familias será permanente ao longo do curso en función das demandas así como o seguimento e avaliación das medidas de atención á diversidade e de mellora da convivencia.

A finais do último trimestre, as actividades estarán centradas na elaboración do consello orientador, na avaliación de resultados e elaboración de memorias que servirán de base para futuras melloras.

RECURSOS

• RECURSOS HUMANOS

A acción orientadora, en maior ou menor grao, é competencia de todo o profesorado implicado na labor educativa. Os obxectivos fixados neste plan así o poñen de

manifesto, pois a súa consecución depende de todos e cada un dos compoñentes da comunidade educativa.

Ademais do profesorado de área, a profesora de apoio prestará atención individual ao alumnado con NEE que a necesite, nas áreas instrumentais prioritariamente, e axudará tamén a desenvolver medidas que favorezan o desenvolvemento integral do alumno, favorecendo a autoestima, as súas habilidades sociais e mellorando a integración na vida do centro escolar destes alumnos.

- **RECURSOS MATERIAIS**

Os recursos e instrumentos materiais para levar á práctica este plan son:

- Documentos do centro: Proxecto Educativo do Centro, PXA. Plan de Igualdade, PAT , POAP ...
- Escalas de observación, cuestionarios e probas psicopedagóxicas.
- Expedientes do alumnado.
- Informes psicopedagóxicos e propostas de orientación, incluíndo programas de actuación paraalumnos con NEE e NEAE.
- Material escolar curricular.
- Material de reforzo educativo.
- Bibliografía específica.
- Programas de acción tutorial e asesoramento vocacional.
- Programas de entrenamiento na toma de decisións.
- Documentos de lexislación educativa.
- Folletos informativos.
- Recursos informáticos- internet e correo electrónico son as ferramentas fundamentais para desenvolver o traballo do departamento, para a recollida e difusión de información a familia/ e alumnado e para facilitar a coordinación con equipo docente/titores e servicios e profesionais externos.

METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada na posta en práctica deste plan debe favorecer a participación activa e a cooperación de todo os participantes implicados no mesmo. O desenvolvemento das actividades estará baseado nas seguintes estratexias :

Reunións entre orientadora-titores e profesores de forma individual.

Reunións e entrevistas entre orientadora e pais /alumnos de forma individual.

Reunións colectivas: tanto con titores, profesores, alumnos ou equipo directivo según necesidades; departamento, xuntas de avaliación; Claustro, CCP...

Entrevistas con persoal de institucións ou asociacións do entorno educativo, social, profesional ou cultural.

Técnicas grupais (programas educativos, charlas, conferencias, coloquios, debates, etc.)

Visitas a centros de estudos, institucións, empresas, etc.

As intervencións da orientadora a nivel grupal dentro das aulas e individualizado deberá realizarse en función da dispoñibilidade horaria, pois o elevado número de alumnos matriculados no centro supón unha considerable carga de traballo burocrático que merma as posibilidades de desenvolver un traballo orientador máis personalizado e presencial.

Para axudar a desenvolver os obxectivos deste plan, este curso solicitaremos novamente programas de mellora de éxito escolar orientados a mellorar a convivencia e a previr o abandono e fracaso escolar: CP INCLÚE (modalidades QUÉDA-T e CONVIVE-T e tamén coordinaremos con titorías programa de Educación Viaria (Contrato Programa).

AVALIACIÓN

Dentro deste plan artéllanse instrumentos de avaliación formativa ó longo de todo o curso a través da observación diaria, recollida e intercambio de información nas reunións con profesorado de apoio, titores e xefatura de estudos para tomar decisións sobre a implementación do Plan. Os progresos ou as dificultades atopadas deberán ser sempre valoradas para modificar os aspectos que así o requiran, especialmente nun curso sometido ás actuais circunstancias sanitarias. Nas actuacións referidas ao alumnado e familias, atenderemos a indicadores como os resultados académicos, pero tamén a avaliación continua do clima de convivencia e trataremos de observar de forma permanente indicadores do benestar social e emocional do alumnado para intervir o antes posible en casos de indicios de situacións conflitivas de risco para os menores.

No final do curso realizarase unha avaliación sumativa por parte de todos os implicados no plan, que permitirá determinar se foron acadados os obxectivos, a adecuación das actividades propostas, a adecuación da liña metodolóxica e se a temporalización foi operativa e realista.

Os datos obtidos desta avaliación servirán de punto de partida para reformular o deseño para o próximo curso, intentando que se adapte o máximo posible ás necesidades da comunidade educativa.

ACTUALIZACIÓN PLAN ATENCIÓN Á DIVERSIDADE CURSO 2023/24

Nº ALUMNOS/GRUPO	A	B	C	D	E	Nº TOTAL
1º ESO	25	26	26	22	-	99
2º ESO	24	25	25	22	26	122
3º ESO	21	27	22	25	26	121
4º ESO	25	27	23	24	-	99
1º BAC	20	21	20	-	-	61
2º BAC	30	30	-	-	-	60
TOTAL						562

REPETIDORES CURSO ACTUAL	A	B	C	D	E	Nº TOTAL
1º ESO	1	1	1	1	-	4
2º ESO	0	0	1	3	3	7
3º ESO	2	0	2	2	1	7
4º ESO	0	0	3	3	-	6
TOTAL						24
1º BAC	2	1	1	-	-	4
2º BAC	1	2	-	-	-	3
TOTAL						7

(Clasificación según criterios DRDorienta)	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BAC	2º BAC
TDAH	5	7 2 con discap.	3	2		1* con TEA
Trast.Comunicativo/ TEA		3	1	1	2	1
DISCAP. INTELECTUAL		4				
ETNIA XITANA	2	3				
DISLEXIA	0	3	3			

A dispoñibilidade horaria do profesorado de PT permite distribuir os apoios da seguinte forma:

- 1º ESO: todos os grupos recibirán apoio nas instrumentais dentro da aula, en dúas sesións de matemáticas, nunha de Lingua Castelá e nunha de Lingua Galega.
- 2º ESO : todos os grupos recibirán apoio dentro da aula nunha sesión de matemáticas.
- 3º ESO: nos dous grupos que escolarizan alumnado con NEE recibirán apoio dentro da aula nunha sesión de Matemáticas.

A distribución horaria das horas de PT por grupos realizarase priorizando aqueles nos que hai alumnado NEE con Adaptacións Curriculares: hai dous alumnos en 2º ESO que recibirán apoio fóra da aula nunha sesión de Lingua Galega e nunha/dúas sesións de Lingua Castelá e en dúas sesións de Matemáticas.